

cultura

Todo preparado para a décima edición do festival da Candeloria, en marzo. **Páx. 5**

economía

O Concello de Lugo aproba os orzamentos para 2024, que soben a 121,8 millóns. **Páx. 9**

sociedade

A nova directiva de Lugo Monumental propón crear un Centro Comercial Aberto. **Páx. 13**

infraestruturas

A praza de Santo Domingo manterá a configuración actual. **Páx. 20**

deportes

Arranca este mes unha nova edición do circuito Corre con Nós. **Páx. 30**

Lugo inicia a nova etapa de Paula Alvarellos



Regresa o Entroido e a Festa da Filloa

O Concello ten preparadas máis de 20 actividades que se desenvolverán en cinco días. **Páx. 3**

Analizamos as eleccións galegas polo miúdo

O 18 de febreiro serán os comicios nos que se escolle ao presidente galego. **Páx. 15-18**

Volve ao Pleno da Deputación a Sanidade

Esixe á Xunta que poña fin “á destrución da sanidade pública” con investimentos. **Páx. 28**

Volve Lugo Máxico



Previsto para o mes de setembro, xa ten o programa presentado. **Páx. 5**

A Foliada de Bosende



Entrevista co colectivo, que leva dende 2010 facendo música tradicional. **Páx. 6**

O Club Quercus-Aper



Falamos co presidente da entidade, que se fundou durante a pandemia. **Páx.31**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS? CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo

Tel - 982 253 890

659 881 585

mail - administracion@mateoysanchez.es

Alvarellos reorganiza o equipo de Goberno

Unha hora despois de tomar posesión como nova alcaldesa nun emotivo acto, onde recibiu o bastón de mando de mans da xa exalcaldesa, Lara Méndez, Paula Alvarellos presentou a configuración das áreas de Goberno que xestionarán os concelleiros socialistas. Unha estrutura na que optou pola continuidade.

O novo organigrama, no que figuran as competencias que ten asignadas cada un dos membros que conforman o Executivo local, obedeceu – segundo a alcaldesa – “á vontade de manter o establecido ao inicio de mandato, introducindo só aqueles cambios que resultan necesarios para afrontar o relevo na presidencia, da maneira máis normalizada posible e, coma sempre, aproveitando os perfís políticos e profesionais dos compañeiros e compañeiras”.

AS DISTINTAS ÁREAS. A Área de Transición Ecolóxica afrontará a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas materias de protección do medioambiente e cambio climático. O seu titular seguirá sendo o tenente de alcaldesa Miguel Fernández que compatibilizará estas funcións co seu cometido como deputado provincial de Vías e Obras.

A Área de Xestión Integral de Recursos Internos atenderá á coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionadas coa contratación local, o fomento da actividade de interese público e patrimonio municipal, a xeración de recursos económicos; contabilidade; tesourería e recadación; facenda local e xestión e inspección tributaria, alén da xestión do persoal ao servizo

da Corporación Local. O encargado de dirixila será Pablo Permuy que adquire a condición de tenente de alcaldesa.

A Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais comprende o fomento e promoción da actividade económica; o fomento e promoción do comercio; a formación e fomento do emprego; as estratexias xerais de desenvolvemento local e os festivais musicais e de artes para ese mesmo obxectivo de desenvolvemento local, como pode ser o Caudal Fest. O tenente de alcaldesa Mauricio Repetto será o Delegado desta área.

Inclúe a Concellería de Xuventude e Deportes, que leva a prevención das drogodependencias; a Casa de Música; as actividades de dinamización económica da xuventude, actividades, instalacións e equipamentos deportivos así como o fomento do deporte e, ao igual que agora, o Arde Lucus. Jorge Bustos mantense como o seu edil.

Así mesmo, créase a Concellería de Relacións Institucionais, dirixida a fornecer a presenza e os lazos de cooperación da Administración con todo tipo de organismos, entidades públicas e privadas ou colectivos e asociacións; alcanzar acordos de colaboración con entidades de carácter supramunicipal, así como atender o exercicio de funcións relacionadas con materias derivadas de competencias doutras administracións que asumirá Lara Méndez.

Área de Cohesión Social e Territorial Nela continúa a integrarse a promoción e atención á muller, á igualdade e á diversidade, a promoción da conciliación; as organizacións non go-



bernamentais; as minorías étnicas e inclusión social; a emigración e inmigración, os centros de dinamización rural e a dinamización e promoción sociocultural. A tenente de alcaldesa Ana González Abelleira será a delegada desta área que tamén asumirá a zona rural. Será, ademais, a voceira municipal.

Dentro aínda da mesma área mantense a Concellería de Benestar Social e Maiores á que corresponde a prestación dos servizos sociais e comunitarios, as instalacións e equipamentos de carácter social; os pisos de emerxencia social; o voluntariado social; os centros de convivencia, o Fogar do Transeúnte e a Casa Domótica, dos que continuará á fronte Olga López Racamonde.

MANTENSE O PACTO



O equipo de Goberno mantivo unha reunión de seguimento do acordo programático para o mandato 2023-2027 na que evaluou os avances no proxecto de cidade e expuxéronse os retos de futuro. Na xuntanza, que se desenvolveu dentro da máxima cordialidade e cun espírito colaborativo, participou a alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, así como a portavoz municipal, Ana González Abelleira, e os concelleiros Miguel Fernández e Mauricio Repetto como representantes socialistas. Por parte do BNG estiveron presentes o tenente de alcaldesa, Rubén Arroso, e os concelleiros Alexandre Penas e Cristina López.

ALCALDÍA. Alvarellos continuará asumindo, dentro das súas funcións, a dirección e xestión de Urbanismo. “Para iso, tal e como contempla o Decreto, conto coa posibilidade de designar un director ou directora xeral que contribúa a reforzar o traballo que se fai dende as diferentes seccións, a avanzar na unificación de criterios xa iniciada e tamén a ampliar as ferramentas coas que nos podemos nutrir para dar unha resposta garantista e dilixente ao sector”, apuntou Paula Alvarellos.

O PP afeou a actitude na nova alcaldesa da cidade, porque “a primeira decisión sexa gastar 70.000 euros para contratar a unha persoa externa que dirixa urbanismo”.

A rexedora dirixirá, así mesmo, o goberno municipal, a organización dos servizos administrativos e a representación institucional, especialmente de carácter protocolario.



NOEL LÓPEZ PINÍN
• NUTRICIÓN •

MEJORA TU ALIMENTACIÓN Y RECUPERA TU SALUD

- Sobrepeso / Obesidad
- Alergias e intolerancias alimentarias
- Colesterol / Hipertensión / Diabetes
- SIBO
- Nutrición deportiva
- Nutrición Infantil

C/ Armanayá 5, baixo - Lugo 27001 • Tels.: 982 580 322 / 637 310 437
facebook: Noel López Pinín - Nutrición - • Instagram: @noelnutricion
www.dietistanoel.com





erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es



O Entroido lugués constará de 20 actividades en cinco días

O alcalde en Funcións do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, xunto á concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, e á concelleira de Participación, Cristina López, presentou a programación elaborada polo Concello de Lugo para o Entroido 2024. Ferreiro destacou que “para facilitar a participación da veciñanza”, o pregón do Entroido terá lugar na praza Maior, “repetindo a iniciativa posta en marcha hai dous anos e que foi un gran éxito”.

O Pregón, que terá lugar a partir das 20 horas do venres 9 de febreiro, contará con gradas para facilitar a visibilidade e cunha pantalla xigante. No caso de choiva, a área de Cultura habilitará unha carpa. A animación musical do pregón correrá a cargo de Condensadores de Fluzo, e, a partir

das 21:30, o recinto histórico enchease coa animación musical da charanga Louband.

O día 2 de febreiro e ata o día 12, abre o Mercado de Produtos Tradicionais propios desta época de Entroido, onde as cachuchas e os cimos inundarán o Mercado Tradicional dos martes e venres na Praza de Abastos. Ademais, o día 3 recuperouse a Feira de Nadela, cun mercado con máis de 70 postos con produtos típicos e con concurso de disfraces.

O sábado 10 a animación comezará a partir das 12.30 con Peterpunk e o neno imperdible, da compañía As Monchas, na praza Maior, e a partir das 17.00 terá lugar o concurso infantil de disfraces na praza Maior. Durante a deliberación do xurado, o público poderá desfrutar da anima-

ción de Tambukda e Patty Difusa, e a partir das 21.30, Bloco Meigallo estará no recinto histórico.

O domingo 11 a praza Maior acollerá a partir das 12.30 a A Vela Circo co seu espectáculo O último, e o luns 12 chegará á praza Maior a gala de circo Introitus, coas actuacións de Kanbahiota, Lila Star, Isla Letriska e Paco Nogueiras, continuando as actividades ás 20.00 coa actuación de Bloco Meigallo e o 22 con Unión Phenosa polo recinto histórico.

O día 13, entre as 11.00 e as 14.00, e á tarde entre as 16.00 e as 19.00 celebrarase a segunda edición da Festa da Filloa na rúa Quiroga Ballesteros, mentres que a animación continuará na xornada de mañá co espectáculo Rogelio, un pallaso en recuperación na praza Maior. Na



xornada de tarde, tera lugar o concurso de disfraces na categoría de adultos. Durante a deliberación do xurado o público contará coa animación de Tambukda.

As actividades do Entroido rematarán o mércores 14 a partir das 20

horas co Enterro da Sardiña, organizado pola asociación Pepe Barreiro. Ademais, con actividade previa, celebrarase na fin de semana do 3 ao 4 de febreiro unha nova edición do campionato estatal de fútbolín no soto da Praza de Abastos.

O Círculo das Artes súmase ao Entroido

O Círculo abrirá o Entroido o sábado 10 cun baile de disfraces, no que se repartirán 4.000 euros en premios. O concurso celebrado no Salón Rexio está aberto tamén ao público xuvenil, cun premio por categoría de comparsas, parellas e individual.

O sábado 10, o baile de adultos estará amenizado pola orquestra La Favorita. E o luns 12, retómase o tradicional baile de Entroido coa actuación, da Banda Sons e Soños, en formato orquestra.

O 13 de febreiro celebrarase o Festival Infantil, que comezará ás 17.00 horas. A programación rematará o 17 de febreiro co tradicional cocido e Baile de Piñata, con Los Parrots.

O programa do Vello Cárcere

O centro sociocultural O Vello Cárcere contará co seu programa especial para celebrar o Entroido. Deste xeito, o Espazo Didáctico, o Espazo de Leecer e a Biblioteca teñen preparados unha morea de obradoiros e actividades para os máis cativos.

A Biblioteca e o Espazo Didáctico abren a programación o 7 de febreiro coa actividade *A toda cor: o noso Entroido*, dirixida aos nenos e nenas de 3 a 8 anos, e que se organizará de 17.30 a 19.00 horas. Ao día seguinte é a quenda da proposta *Minirrelatos: Entroido* para a cativada de 7 a 12 anos. O martes 13 os máis pequenos tamén teñen unha cita no centro sociocultural para gozar da actividade *Pequeñevetistas: Entroi-*

do. A proposta será de 17.30 a 18.30 horas e está dirixida a nenos e nenas de entre 7 e 12 anos.

Por outra banda, as propostas do Espazo de Leecer comezan o sábado 10 cos contacontos miúdos *É tempo de Entroido*. Organizaranse dúas sesións, ás 11.00 e ás 12.30. O día 11 e o 13, será a quenda da actividade *Cousiñas xeitosas: Entroido!*.

Para participar, cómpre inscribirse de maneira presencial na recepción do centro ou a través do correo vllcarcere@lugo.gal. Débese ter en conta que o prazo de inscrición do Espazo de Leecer ábrese os luns (incluídos). No caso do Espazo Didáctico e da Biblioteca, o prazo de inscrición ábrese unha semana antes.

REGRESA A FESTA DA FILLOA



A contorna da Praza de Abastos acollerá o vindeiro 13 de febreiro a segunda edición da Festa da Filloa de Lugo. A concelleira de Participación, Cristina López, destacou “a boa acollida e éxito” que tivo esta iniciativa por parte da veciñanza de Lugo na súa primeira edición, e destacou que, como cada ano, o Entroido “contará cunha gran selección de actividades para toda a veciñanza”.

A Tenencia de Alcaldía instalará na praza de Santo Domingo unha máquina capaz de elaborar entre 900 e 1.100 filloas por hora, para entre-

gar filloas de xeito gratuito a toda a veciñanza que se achegue ao evento. Entre as 11:00 e as 14:00 horas, e á tarde, entre as 16:00 e as 19:00, “os e as lucenses poderán desfrutar deste produto típico da cultura galega e, sobre todo, dos días de Entroido”, explicou a concelleira de Participación.

Cristina López tamén quixo incidir en que, dende o Goberno Municipal “queremos poñer en valor a rúa Quiroga Ballesteros e os dous edificios municipais que alí se atopan, o Mercado Municipal e a praza de Abastos”.



clínica **TEST** dental

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

Conversa con María García, unha muller inqueda

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

María García é unha muller inqueda que non se mete en máis aventuras porque o día só ten vinte e catro horas.

De onde veñen as lembranzas da túa nenez?

A miña infancia transcorreu no rural. Teño moi bos recordos, en especial, das vacacións que pasaba na casa de meus avós maternos, preto de Baralla, nunha aldea considerada un paraíso terreal polo seu microclima, que facía medrar todo tipo de árbores froiteiras e de especies animais, entre elas os grilos.

Cando vés para Lugo?

Logo de estudar a carreira de Maxisterio. Xa fixera na cidade o Bacharelato e o COU, pero ía e viña, xa que daquela vivía con meus pais no Concello do Corgo.

Entón es mestra?

Sí, na especialidade de Pedagogía terapéutica, logo en Audición e lingua-xe, Primaria e polo medio fixen psicopedagogía, porque me interesaba moito todo o que ten que ver coa psicoloxía da aprendizaxe e como poder ensinar mellor. Na actualidade estou dando clase no CEIP de Albeiros.

E como muller inqueda, sempre preocupada pola situación dos nenos e das nenas?

E agora preocúpanme moito máis porque non os estamos protexendo, a nosa sociedade non está entendendo a nenez, por iso temos cada vez máis nenos ansiosos, hiperactivos, estresados... infelices en xeral. O seu tempo está cheo de actividades e non dispoñen del para explorar o mundo desde eles mesmos e construír a súa perso-

nalidade relacionándose libremente con outros cativos e cativas da súa idade. Sempre teñen alguén a carón que lles di o que teñen que facer. E ese alguén pode ser unha pantalla... Resulta un auténtico perigo.

Tamén estás moi interesada noutros problemas sociais e fíxeches voluntariado?

Sí, nos anos 90 e principios de século. Primeiro en Auxilia e logo no Colectivo AdianteXá, que foi unha maneira de aprender e de colaborar ao mesmo tempo. E como estivera no grupo de teatro da Escola de Maxisterio, en Auxilia propuxera crear un obradoiro de teatro co grupo numeroso de menores con discapacidade que había daquela na entidade.

Entón o teatro xa estaba presente na túa vida?

Entrou na época de estudante e non me abandonou. Sempre permaneceu aí.

E como muller inqueda es actriz afeccionada?

Sí, eu son actriz por amor, no sentido amplo da palabra e, fundamentalmente, por amor ao mundo do teatro. Pertenzo ao grupo de teatro afeccionado Hipócrata Teatro.

E como muller inqueda escribiches algunha dramaturxia do grupo?

Teño un abano moi grande de afeccións e vou buscando como desenvolverlas. Nos inicios do grupo escribín algunhas obras soa ou en colaboración con outros compañeiros, a dúas ou a varias mans, e logo collínlle o gusto... Pero tamén me gusta a escenografía, o vestuario, a caracterización...un pouco de todo.

E sempre en galego.

O galego é a miña lingua nai e cómpre reivindicala, como lingua minorizada e cerne da nosa cultura, por suposto.

Outra das túas afeccións é a escritura?

Certo, acábbase de publicar o meu libro

"Alma de grilo". A curiosidade levou-me a explorar a escritura creativa, a buscar maneiras diferentes de expresar os meus pensamentos... e de aí naceu este libro. Como outra maneira de aprender.

E de ensinar tamén?

Que non deixa de ser unha maneira de aprender.

Esta obra é unha recompilación de fábulas?

En conxunto, sí. Son fábulas contemporáneas, non hai unha lección moral nelas, Moitas son historias protagonizadas por seres inanimados, son coma metáforas da realidade. Cada historia fala dun aspecto da vida desde o meu punto de vista, que non ten por que coincidir co do lector, xa que a súa lectura entre liñas non ten que ser a que eu quero transmitir. Iso non é o importante, o que importa é que cada persoa lectora faga a súa interpretación, partindo da súa experiencia, do seu pensamento, da súa maneira de vivir...

Unha obra moi ligada ao medio rural?

Mais co medio rural, ligada á Natureza en xeral.

Por que escolliches ao grilo?

Supoño que o escollín porque na miña infancia abundaban e polo significado que para min teñen. Para min o grilo é a voz da conciencia, esa voz interior, que está moi ben representada na historia de Pinocho con ese "grilo parlante" que tanto fala das cousas agradables como das desagradables, das que non nos gusta oír, pero que están aí.

Encántanme as ilustracións.

E que complementan as historias. O ilustrador, Julio Seijas, fixo a súa propia interpretación delas engadindo matices e efectos que non están nos relatos, empregando técnicas moi diversas e creativas. Fixo unha magnífica labor. Ademais, os dous coin-



cidiamos en que o libro tivera forma cadrada e que o papel fora dunha textura agradable ao tacto e todo suma. Por certo, está publicado pola editorial Embora e pódese mercar en calquera librería.

Pero máis aló dun libro, Alma de grilo é tamén unha obra teatral?

Certo, trátase dun espectáculo de teatro literario con música en directo, composta orixinalmente para o mesmo por Vadim Yukhnevich, recoñecido músico e compositor bielorruso afincado en Galicia. A composición musical, como ocorre coas ilustracións do libro, está inspirada nas historias, pero engádelles outros matices. O director do espectáculo, José Campanari, que é unha persoa cunha grande sensibilidade e todo un mestre, na posta en escena apostou pola simplicidade e os símbolos universais. Alma de grilo é un espectáculo que apela á emoción, que busca aquilo que nos achega ó outro porque nace dunha necesidade común.

E que vale a pena ler o libro e logo ver o espectáculo...

Ou a inversa, ver o espectáculo e logo ler o libro. As dúas cousas se comple-

mentan.

Cal é o significado do vestuario da obra?

Na liña do que che dicía da posta en escena, trátase dun vestuario moi sinxelo, pero á vez moi simbólico. A miña blusa, por exemplo, buscábase que inspirara unha sensación de flotar no aire co movemento. En conxunto, queríamos que estivese preto do traxe popular. Pensamos nun espectáculo para ser representado en espazos singulares que xa teñen en si mesmos un encanto e que están moi relacionados coas historias. Actuamos nunha palleira en Rábade, nos xardíns do Museo Provincial, no patio dun Hotel con Encanto, na praza dunha aldea de Láncara... E todo vai moi empastado: espazo, historias, música, vestuario... para que sexa sentido desde a emoción.

E para rematar, penso que a túa filla, Elea López, recolleu as túas inque-danzas.

Algunhas delas sí, pero supérame en todas. Dirixe a Escola de Artes Escénicas Ítaca, é unha excelente profesora de teatro, tanto de adultos coma de nenos e nenas e, tamén, unha magnífica actriz profesional.

¿SIGUES PENSANDO QUE SI LO DESEAS el MAL ALIENTO y el SARRO de la boca de tu mascota "desaparecerán" SOLOS?

Confía en los que saben

¡EL DENTISTA DE TU AMIGO EN LUGO!

Portovet
Dental Para Especialista

Calle Dinan 1-3, Lugo
982.46.50.65

OBRASY REFORMAS
JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciones • Acondicionamientos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

Presentan a nova Edición do Lugo Máxico, previsto para setembro

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentaron xunto co Mago Antón a edición 2024 do festival de maxia de Lugo, “unha cita totalmente consolidada no calendario cultural de Lugo e que axuda a estimular a imaxinación e a capacidade de concentración dos e das máis cativas”. A concelleira engadiu que “durante eses días chegarán a Lugo unha serie de magos de gran calidade e recoñecemento, tanto galegos como do resto do estado e do mundo”. Á presentación acudiu tamén Xulio Merino, un dos magos galegos con maior proxección internacional.

O Lugo Máxico 2024 achegará 17 actividades que terán lugar entre o 12 e o 15 de setembro, ademais de distintas actividades nos centros escolares de Lugo. O HULA acollerá sesións de maxia o xoves 12 a partir das 13.00 horas.

A primeira gala do Lugo Máxico 2024 terá lugar o xoves 12 a partir das 11.00 horas coa Gala Colexios que terá lugar no Auditorio Municipal, e



que volverá a celebrarse co mesmo horario o venres 13. A primeira Gala Unipersonal será tamén o venres ás 21.00 horas no Auditorio e a segunda, o sábado 14 ás 18.00 horas.

Do mesmo xeito, a Maxia na Rúa volverá a Lugo os días 13, 14 e 15, ao igual que a Maxia en Cafés Concerto, que será sempre en horario nocturno ás 00.00 horas. O Mago-móbil continuará a ter o seu espazo o sábado 14 e o domingo 15 a partir das 11.00 horas e ata ás 17.00 horas, tempo no que os nenos e nenas poderán desfrutar de diversos espectáculos da man de numerosos artistas da maxia.

O Vello Cárcere será escenario de dúas conferencias divulgativas sobre maxia a domingo 15 en horario 10.50 e 12.30, respectivamente. A maxia galega e portuguesa volverán a mesturarse na Gala Galego-Portuguesa que se celebrará o sábado 14 ás 21.00 horas no Auditorio Gustavo Freire. Tamén haberá oco para a maxia internacional na Gala Internacional Lugomáxico que pechará o festival o domingo 15 ás 19.00 horas no Auditorio.

Todas as actividades do Lugo Máxico 2024 serán gratuítas e de acceso libre ata completar a cabida do recinto.

Editan unha axenda que reúne ás fortificacións da provincia

A Vicepresidencia da Deputación editou unha axenda para o 2024 centrada nas fortificacións das terras e comarcas de Lugo. En total 24 construcións capturadas en imaxes de Begoña Pérez, Iván Mouronte, Brais Lorenzo e Ángel Ramil e acompañadas de textos de Alexandra Cabana Outeiro.

A publicación reivindica e dá pulo ás construcións menos coñecidas, identificando cada unha delas cun dos meses do ano. Ademais, inclúe un álbum fotográfico e un apartado de notas nas páxinas finais. O Castelo de Amarante, en Antas de Ulla, abre o mes de xaneiro, seguido da

torre de Caldaloba no mes de febreiro, da que é titular dunha parte dos terreos no que se localiza a Vicepresidencia, que apoiou unha iniciativa popular para recuperala.

As fortificacións restantes son Candaíra, no Saviñao; o Castro de Candaz en Chantada; Castro de Ouro, en Alfoz; Castroverde; Doiras, en Cervantes; Pambre, en Palas de Rei; A Pobra de Burón, na Fonsagrada; Sarria; Torres Novais, en Quiroga; Xiá, Friol e Miraz, en Friol; Tovar, en Lourenzá; Ferreira, en Pantón; Quindous, en Cervantes; Taboada; Torés, nas Nogais; Sobrada de Aguiar e Taboi, en Outeiro de

Rei; Castelo dos Condes de Lemos, en Monforte de Lemos; Torre dos Andrade, en Vilalba; A Proba; en Navia de Suarna, e Doncos, nas Nogais.

Ademais, en 2024 o servizo provincial editou un almanaque para o 2024 está protagonizado polo traballo dun dos renovadores da arte galega, Francisco Asorey. Unha homenaxe que se suma ao recoñecemento que a Academia Galega de Belas Artes realiza ao artista coincidindo co Día da Arte Galega. En total son 12 imaxes dedicadas ao seu traballo, que deixou unha gran pegada na provincia.

A Candeloria presenta o seu décimo programa



A Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a área de Cultura do Concello de Lugo colaboran coa organización do festival A Candeloria, unha cita musical que celebra o 1 e 2 de marzo no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo o seu décimo aniversario.

A Candeloria achega a Lugo bandas como Mafalda ou Zoo, que anunciaron a súa despedida dos escenarios en 2024. Tamén estarán Soziedad Alkoholika, Los Chikos del Maíz, Rebelión do Inframundo, Familia Caamagno ou Arrhythmia, entre outros. O festival contará con dúas xornadas e comezará o venres 1 coa Festa X Aniversario. Será o sábado cando se poidan escoitar a gran parte das bandas e se celebren os tradicionais Cantos de Taberna, tamén sinal de identidade do festival.

A deputada de Cultura, Iria Castro, valorou “a traxectoria desta cita como activo cultural que temos que aproveitar. Unha mostra máis do dinamismo e da enerxía que os colectivos culturais e a mocidade lucense, que busca alternativas de lecer para os seus veciños e veciñas pero tamén impulsa a economía e colabora co tecido comercial e hostaleiro achegando visitantes”. “Valoramos tamén a aposta que fan polas bandas galegas e a música en galego, presente unha vez máis este ano. Seguimos necesitando ampliar os escenarios e os altofalantes para as nosas artistas e

para a nosa lingua”, anunciou. Pola súa banda, Maite Ferreiro sinalou o mérito da organización “que apostou por unha data arriscada e pouco habitual para os festivais e que conseguiu consolidar a súa proposta, traendo a Lugo algunhas das mellores bandas galegas e estatais pero tamén con presenza internacional”. Dende a organización, sinalaron que A Candeloria busca “ter a representación das mellores bandas do círculo de rock galego e estatal no seu cartel”. Ademais, avanzaron o éxito desta edición que xa conta co 85% de entradas vendidas para o sábado e o 70%, para a Festa do X Aniversario do venres. As entradas poden adquirirse na web do festival: <https://acandeloria.org/>

ACTIVIDADES. O programa arrancará o venres e contará con Zoo, no seu único concerto en Galicia; Rebelión do Inframundo, Familia Caamagno, Ira Rap, Pigs Parliament, Kamikazes e Jordi Pánico. O sábado, será a quenda de Soziedad Alkoholika, Los Chikos del Maíz, Talco, Tribade, Mafalda, Arrhythmia e Me Fritos and the Gimme Cheetos.

Por outra banda, o sábado durante a sesión vermú celebraranse os Cantos de Taberna terán lugar no barrio da Ponte e xa está aberta a inscrición para as persoas interesadas ata completar as prazas. O prazo remata o 21 de febreiro.

FEBRERO

MES DEL MUEBLE DE BAÑO

+ DE 100 CONJUNTOS EN EXPOSICIÓN

COMPRA TU MUEBLE ESTE MES Y
TE LLEVARÁS UN REGALO SEGURO

385 eur*

IVA INCLUIDO

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMPRADO TOTAL

outlet
sótano

azulejos, porcelánicos
e muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”

*Hasta fin de existencias

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

“Somos moi bos amigos, levámonos moi ben e desfrutamos moito xuntos”

O colectivo lugués A Foliada de Bosende leva dende 2010 facendo música tradicional. Mercedes Corral a súa tesoureira do colectivo e achéganos a historia e aos próximos proxectos do grupo

A Foliada de Bosende leva dende 2010 facendo música tradicional, Mercedes Corral a súa tesoureira achéganos a historia e os proxectos do grupo.

Como son os comezos deste grupo de música?

Dende o ano 2010 xa tiñamos un pequeno grupo de persoas da zona de Bosende que nos xuntabamos para tocar. Despois comezaron a vir amigos tamén de Lugo e agora na Foliada de Bosende temos xente de todas partes. No ano 2019, xusto antes da pandemia, decidimos constituírnos como asociación cultural para estar presentes e ter accesos a axudas e contratacións por parte das institucións. Agora mesmos somos 16 ou 17 persoas, houbo momentos que fomos máis pero sempre hai xente que chega e xente que marcha, pero o que é o núcleo do grupo seguimos sendo os mesmos.

Cales son os instrumentos cos que contan dentro do grupo?

Actualmente temos gaita, bombo,



tambor, pandeiretas, acordeón, guitarra e algunhas veces ukelele porque a parte do grupo tradicional unha parte do grupo imos a cantos de taberna e para cantar levamos a guitarra e o ukelele de acompañamento.

Con que frecuencia se xunta para ensaiar?

Todas as semanas, os martes, dende as nove ata as dez e media da

noite no local social de Bosende, o que era a antiga escola.

Como é a selección e preparación do repertorio?

Nós temos un director, Fran Cupeiro, que tamén é director da escola de Música de Meira e el é o que nos dirixe e fai os arranxos das pezas que interpretamos.

Que é o que máis se desfrutan dentro da Foliada de Bosende?

Nos ensaios pasámolo moi ben e desfrutámonos moito pero cando vamos por aí actuar sempre rematamos cunha cea ou unha comida e sempre se canta ao final. Somos todos moi bos amigos, iso é o principal deste grupo, levámonos todos moi ben e pasámolo ben xuntos.

Teñen algunha necesidade como asociación?

A verdade é que non, contamos cun local social que está moi ben e á nosa disposición e despois sempre polas festas tanto do San Froilán, no Nadal ou no Entroido contan con nós para animar as rúas de Lugo. Tamén participamos no programa Musiqueando, da Deputación e cos ingresos destas actuacións podemos manter ben a asociación e funciona.

“Contamos cun local social que está moi ben e á nosa disposición, e sempre polas festas contan con nós para animar as rúas de Lugo”

Que proxectos de futuro teñen?

Pois o ano pasado fixemos o Festival do Rato no Lugar de Reque, que foi a primeira edición, para apoiar a paralización da Rolda Leste e non destruír a contorna do Rato. Estabamos valorando establecelo como unha cita anual e ese é un dos proxectos que temos agora, intentar que iso se consolide e poder facer este ano a segunda edición cara a primavera e que sirva de forza para paralizar este proxecto.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







EXIT ERP

SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL





C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Arranca a XLVI Semana de Cine coa presentación de películas candidatas

A Semana de Cine de Lugo celébrase nesta cidade desde 1979, promovida polo Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá, co apoio da Deputación Provincial de Lugo, Concello de Lugo e Xunta de Galicia, e a colaboración da Universidade de Compostela-Campus de Lugo desde fai 45 convocatorias.

Abiuse onte oficialmente o prazo de presentación de películas (longametraxes e curtametraxes) para conformar a programación oficial da Semana. A presentación de películas poderá efectuarse ata o 10 de maio ás 14.00 horas do presente ano xa sexa de forma on line a través da plataforma dixital Festhome o Click for Festivals ou na tradicional, a través de secilug@gmail.com.

Poderán presentarse películas producidas entre 2022 e 2024, inclusive, e non poderán exhibirse nin editarse comercialmente en España en salas públicas (agás en festivais), televisión, VoD ou webs antes do 23 de setembro próximo.

As obras terán que ser de ficción, tanto imaxe real como animación, con máis de 60 minutos de duración en longametraxes, mentres que as curtametraxes non poderán exceder os 30 minutos. Se o idioma da película é outro diferente ao castelán, a obra deberá estar subtitulada. Establécese preferencia a aquelas películas que traten temas e xéneros que poña en valor aos cineastas emerxentes no cine de carácter autoral do cine independente internacional, cine español inédito, camiño de Santiago, cine galego e o cine dentro do cine.

PREMIOS. En total establécense cinco premios. Mellor Película da Sección Oficial (Premio do Público); Premio do Xurado para a Mellor Película Documental; o Premio do Público á Mellor Película Galega, na versión longametraxe e na curtametraxe, e o Premio do Público á Mellor Curtametraxe.

A EOI e os colexios Rosalía de Castro e Illa Verde promoven a aprendizaxe do chinés

A Escola Oficial de Idiomas (EOI) inicia unha colaboración cos Colexios de Educación Infantil e Primaria Rosalía de Castro e Illa Verde para promover o ensino da lingua chinesa entre o alumnado.

Os tres centros cooperan para ofertar como actividade extraescolar aos alumnos de Primaria de ambos colexios unha hora semanal de chinés a cargo de Du Yang, profesor voluntario na EOI de Lugo do Centro de Ensinanza e Colaboración Internacional da Lingua Chinesa (organismo chinés dependente do Ministerio de Educación da China coñecido anteriormente como Hanban).

As clases son gratuítas e voluntarias e permitirán aos participantes interactuar cun profesor nativo e adquirir coñecementos básicos da lingua e da cultura chinesa dun xeito lúdico. Despois desta experiencia, o alumnado interesado podería continuar os seus estudos de chinés na propia EOI de Lugo a partir dos 14 anos para acadar unha certificación oficial, e tería a posibilidade de realizar unha proba de clasificación para matricularse nun nivel superior ao inicial (A1).

Máis de 67.500 persoas visitaron a Rede Museística

A Rede Museística recibiu en 2023 máis de 67.500 visitas nos catro museos que a forman. O centro máis visitado foi o Museo de Lugo, ao que se achegaron 37.600 persoas, seguido polo Museo do Mar, en Cervo, con preto de 16.000 visitantes; o Museo Fortaleza San Paio de Narla, con 7.500 visitas; e o Pazo de Tor, que sumou 6.300 visitantes.

A deputada de Cultura, Iria Castro, celebrou esta cifra, que supón un aumento de máis do 5 % con respecto a 2022, cando se rexistraran 63.650 visitas, e valorou o traballo desenvolvido polo persoal dos museos "na conservación, estudo e promoción do patrimonio, cunha destacada actividade expositiva, centrada na arte

galega contemporánea, e unha ampla axenda de actividades dirixidas a recoller e integrar a memoria de persoas anónimas na museoloxía, a través dun contacto estreito e continuo con distintos colectivos sociais". Segundo os datos recollidos, o 45 % dos visitantes dos centros xestionados pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo chegaron desde distintos puntos de Galicia, mentres outro 45 % procedían doutros puntos do Estado, maioritariamente de Madrid, Castela e León e Andalucía. As visitas internacionais supuxeron o 10 % das persoas que se achegaron aos museos provinciais, destacando na listaxe de países de procedencia Estados Unidos, Reino Unido, Portu-

gal, Alemaña, Arxentina ou Italia.

AMPLIACIÓNS. No último ano, a actividade expositiva do Museo Provincial de Lugo centrouse na promoción e divulgación da arte galega contemporánea con fitos como a inauguración da Sala Monográfica Tino Grandío, na que se expoñen as obras máis representativas do pintor lucense, a mostra da pintora coruñesa María Corredoira no segundo trimestre do ano ou a mostra retrospectiva sobre o escultor sarriao José Díaz Fuentes *A árbore interior*, nos primeiros meses de 2023.

SESTERCIO DE CAETRA. No 2023, o Museo Provincial de Lugo reforzou

tamén o seu posicionamento como centro de referencia internacional no estudo da romanización coa adquisición do sestercio da caetra, unha moeda acuñada no século I a.C. e da que se coñecen só tres exemplares no mundo. Neste inicio de ano, a Vicepresidencia da Deputación renovará a Sección de Numismática e Medallística do Museo Provincial para expoñer de forma permanente esta peza, acuñada no campamento militar que deu orixe á cidade.

No ano que entra, a Rede Museística Provincial acollerá do 3 ao 5 de xullo as Xornadas Internacionais sobre museos e educación, na que se expoñerán experiencias para a difusión de patrimonio e cumprimento dos de-

reitos culturais desenvolvidas nunha decena de museos do Estado entre os que figuran o Museo do Prado, o Museo Arqueolóxico ou o Museo de Altamira, o Museo do Pobo Galego ou o Museo de Pontevedra.

No encontro, con sede compartida entre os catro museos provinciais, daranse a coñecer materiais e estudos que se están a desenvolver nestes meses por parte dunha ampla rede de investigadores universitarios, profesorado de secundaria e xestoras de museos e que teñen como obxectivo promover mudanzas no enfoque da educación histórica con novas narrativas creadas a partir do patrimonio dos museos.



Artistas emerxentes

Sete artistas galegas emerxentes de diferentes disciplinas interpretarán obras doutras tantas artistas expostas no Museo Provincial de Lugo co proxecto *As 7 e 7*, comisariado por Sergio Marey. Trátase de Andrea Otero, Noa Costas Martín, Christina Chiaroni, Carmen Quintáns, Sabela Eiriz, Greta Debelius e as irmáns Noa e Lara Castro Lema, que desenvolverán o seu exercicio creativo a partir de obras de Maruja Mallo, Xulia Minguillón, Mónica Alonso, María Luísa Pérez Herrero, María del Car-

men Corredoira, Violeta Bernardo e María del Carmen Álvarez de Sotomayor y Castro.

O resultado poderá verse a partir do 29 de febreiro nunha mostra colectiva que visibilizará as obras de artistas consagradas xunto a outras que comezan a súa andaina no mundo artístico, poñendo en valor o traballo das mulleres creadoras. O proxecto pretende incidir tamén na educación na arte, convertendo o proceso creativo nunha oportunidade para achegar a arte contemporánea.



A feminidade e o seu poder

Expresar o valor da feminidade e o seu poder a través da madeira, a terracota ou o bronce. Esta é a premisa da nova exposición da artista catalá Ana María Marín que o Museo Provincial de Lugo abriu ao público. A mostra *Da Forma ao Concepto: unha procura que conduce do Realismo á Abstracción* está formada por un total de 15 pezas nos tres materiais a través das que se expresa o valor da feminidade e o seu poder. As obras divídense en tres grupos, estando o primeiro adicado a EVA. A feminida-

de simbólica. O segundo ámbito está adicado a Venus. A deusa representada e o peche faino a serie *Mater Ágora*. O espazo que mostra camiños de paz. Ademais, cada peza conta coa información necesaria en braille para as persoas con discapacidade visual.

A mostra forma parte do Programa de accesibilidade, inclusión, igualdade e sustentabilidade da Rede Museística, que dará un novo pulo ao traballo a prol da inclusión e da accesibilidade.

'Samos', de Leopoldo Nóvoa, xa forma parte da colección de arte galego do Museo

A obra do artista lugués Leopoldo Nóvoa *Samos* xa forma parte da colección de arte galega do Museo Provincial de Lugo, un cadro que ten como elemento central unha lasca de lousa recollida polo pintor na vila de Samos, doada ao museo pola viúva do pintor, Susana Carlson.

Esta será a primeira obra de Leopoldo Nóvoa coa que conte o Museo Provincial de Lugo na súa colección permanente, ampliando os fondos de artistas galegos contemporáneos do centro provincial. O título da obra alude ao elemento central da mesma, unha lasca de lousa da que parte o discurso da obra, e que representa o que foi a plástica de Leopoldo Nóvoa, un dos artistas incuestionables da pintura abstracta contemporánea tanto de dentro como de fóra de Galicia.



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD








COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

CONCERTOS PREVISTOS PARA LUGO



CAFÉ QUIJANO. O grupo leonés Café Quijano confirmou a celebración dun concerto en Lugo. Será o 20 de abril, ás 20.30 horas no auditorio Gustavo Freire. Os artistas fan escala na cidade das Murallas dentro do seu *Manhattan Tour 2024*. Sen dúbida, Café Quijano ten un dos directos máis espectaculares e sorprendentes que se poden ver sobre un escenario. Café Quijano non só forma parte da historia da máis exquisita música española senón que as súas cancións son éxitos que trascenderon no medio mundo e seguen sendo un dos artistas españois máis recoñecidos internacionalmente colaborando con artistas da talla de Celine Dion, Carlos Santana, Armando Manzanero, Herbie Hancock, Black Eyed Peas, Joaquín Sabina...

JAVI MANEIRO. Javi Maneiro iniciará no mes de febreiro a xira de presentación do seu último álbum, *Un bonito despertar*, por teatros e salas de concertos de Galicia e chegará a Lugo. O cantante e compositor dará así a coñecer o seu cuarto disco, publicado a pasada primavera e que agora por fin poderá compartir ao vivo, plenamente, co público galego. En total serán catro fins de semana nas que Maneiro visitará sete localidades galegas. Un

bonito despertar presentárase na Sala Jagger de Lugo o domingo 18. Os billetes (10 euros máis gastos de xestión) para asistir aos concertos de presentación de *Un bonito despertar* pódense adquirir a través das plataformas www.enterticket.es (para os directos de Boiro, A Coruña, Lugo e Vigo).

SHINOVA. Da man de Vibra Mahou, plataforma de música de Mahou Cinco Estrellas, anúnciase que Shinova será dunha das bandas que protagonizarán un circuito que pasará por 13 cidades entre abril e novembro, facendo parada en Lugo. A xira comezará en Valladolid o venres 12 de abril. Ese mesmo mes percorrerá Oviedo o día 19, Guadalajara o día 20, Lugo o 26, e chegará a León o 27. Máis adiante, en maio, a banda aterrará en Xixón o día 24, e en novembro contará cun gran concerto na Sala La Riviera de Madrid o día 23. Un total de 14 concertos dos que aínda quedan datas e cidades por desvelar. A banda de Bilbao lanzará o 1 de marzo o seu novo álbum, *O Presente*, do que xa adelantaron varios temas. As entradas para os concertos da Xira Vibra Mahou de Shinova poderán adquirirse a partir do mércores 24 de xaneiro desde as 12:00 horas. A actuación en Lugo terá lugar na Sal Tebras.

O reitor reitera o agradecemento do movemento a prol do campus

O reitor da USC reitera o seu agradecemento pola activación social e do tecido empresarial a prol do Campus de Lugo. Antonio López deu conta da gratitude da institución académica ao apoio social recibido durante o encontro mantido na propia sede universitaria luguesa con representantes da plataforma Campus Lucense, un movemento cívico promovido desde a Federación de Veciños de Lugo e que na actualidade suma máis dun centenar de colectivos adheridos ao seu manifesto en defensa do Campus de Lugo.

A xuntanza serviu para constatar que os intereses do equipo de goberno da USC están aliñados e responden ás inxerencias manifestadas pola plataforma veciñal.

A nutrida comitiva do movemento cívico Campus Lucense aproveitou esta xuntanza para trasladar ao goberno da USC o seu apoio para que a sede universitaria luguesa manteña a actual oferta de títulos e continúe o seu cometido como axente transformador da provincia.

Agradecido polo respaldo recibido dun colectivo que denota a forte conexión social e empresarial da sede universitaria luguesa coa súa contorna, Antonio López deu conta do acordo aprobado por asentimento polo Claustro da USC o 30 de novembro de 2023. Este documento dá conta do "firme apoio do goberno da institución académica ás facultades e escolas do Campus de Lugo", así como do seu "compromiso para continuar a defender de xeito decidido as titu-



DEPUTACIÓN. O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou o manifesto cidadán en apoio do Campus de Lugo. A iniciativa, promovida pola Federación de Asociacións de Veciños Lucus Augusti e o colectivo Galicia Baleira, conta con máis de cen concellos e colectivos adheridos, e reforza "a defensa do noso Campus" que sempre fixo a institución provincial, destacou José Tomé no acto.

lacións adscritas ás mesmas".

O acordo ratificado polo Claustro da USC contempla demandar da Secretaría Xeral de Universidades a revisión inmediata do criterio relativo ao número mínimo de estudantes de novo ingreso nas titulacións de grao e mestrado universitario recollido no Decreto 222/2011, ademais de solicitar da Secretaría Xeral de Universidades a revisión e modificación dos criterios de cómputo do alumnado de novo ingreso, particularmente no caso do estudantado que cursa programas de simultaneidade (dobres graos) ou graos abertos, así como aquel que procede de ciclos formativos de grao superior.

A defensa das titulacións esenciais

no Campus de Lugo con relación directa coa identidade da contorna e co tecido social e empresarial, no contexto do Campus Terra, recoñecido a través da significación como campus de especialización por parte da Xunta de Galicia, constitúe outro dos acordos tomados.

O Claustro da USC comprometeuse tamén na súa sesión do 30 de novembro de 2023 a reiterar as solicitudes de singularidade para os graos en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Enxeñaría Civil e Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, titulacións habilitantes que contan cunha elevada demanda laboral.

AXENDA DE ACTIVIDADES

CINE ALEMÁN. Este mes continúa no Vello Cárcere o Segundo ciclo de cine alemán, unha proposta que está promovido polo Instituto Goethe e o Club Cultural Valle-Inclán. Cada unha das pezas desenvolveranse en versión orixinal con subtítulos en castelán, en sesión de 19.30 horas. A entrada é de balde ata completar aforo, aínda que iniciada a proxección non se permitirá o acceso á sala. Continúan o mércores 21 de febreiro coa peza *Nasim*, de Arne Büttner e Ole Jacobs. Trátase dunha documentación acerca dos refuxiados, que non se enfoca nin no seu camiño nin na súa integración no país de asilo. A última cita será o 28 da man de *Toubab*, de Florian Dietrich. Achega a vida de baltou que, endurecido tras dous anos en prisión, espera un novo comezo co seu amigo Dennis.

FOTOGRAFÍA. O convenio Lugo Cultural organiza unha nova proposta para os amantes da arte foto-

gráfica, baixo o nome de *Encontro con José Manuel Navia: Fotografía, fragmentos, documentos e ficción*. O profesional está considerado un dos fotógrafos contemporáneos máis importantes e conta cunha ampla traxectoria e varios premios que recoñecen o seu labor. A actividade terá lugar o 17 de febreiro na Casa do Saber en horario de 16.30 a 20.30 horas. Os interesados poden matricularse ata o 12 de febreiro a través dos teléfonos 982 821 513 ou do 982 821 511 e tamén do correo cultura.lugo@usc.gal

DESEÑO GRÁFICO. A partir do próximo xoves 15 de febreiro a deseñadora gráfica italo-argentina Marianella Ahmed Farha impartirá na extensión da UNED da cidade de Lugo un curso para todos os emprendedores, autónomos, freelancers, artistas e persoas en xeral que busquen potenciar o seu proxecto, produto ou servizo por medio do bo uso das redes sociais.

A UNED de Lugo abre o segundo prazo de matrícula

A UNED abriu o seu segundo prazo de matrícula, que se estenderá do ata o 12 de marzo para estudos de grao, mestrados oficiais e microtítulos. Ademais, ata o 29 de marzo permanece aberta a matrícula para os exames da Proba Libre de Idiomas e, desde o 1 de febreiro e ata o 14 de marzo, para a Proba Libre de Acceso para Maiores de 25 e 45 anos.

A este segundo prazo poderán concorrer os estudantes que cumpran unha serie de requisitos. No caso dos estudos de Grao, poderán matricularse novos estudantes ou ampliar matrícula aqueles que cursaran un número determinado de créditos. No caso dos mestrados oficiais, poderán ampliar matrícula aqueles estudantes que se matricularan nun mínimo de 20 créditos no primeiro período. Ademais, poderán matricularse os alumnos que foron admitidos no proceso de preinscrición, pero non formalizaron a matrícula.

HERBÓN DESGUACES
Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

O Concello de Lugo aproba os orzamentos para o 2024

O Pleno Extraordinario do Concello de Lugo aprobou os orzamentos 2024, que ascenden aos 121.855.425 de euros, o máis alto da súa historia. Durante a sesión, foron aprobadas de forma definitiva as contas para este exercicio co voto favorable do equipo de Goberno e a negativa do Grupo municipal popular. Deste xeito, coa publicación este venres no BOP, entran en vigor os presupostos máis elevados da historia de Lugo, que supoñen un incremento dun 3,27 % en relación aos de 2023.

A alcaldesa Paula Alvarellos destacou os principios progresistas nos que se amparan estes orzamentos, que incorporan as suxestións da veciñanza. "Trátase dunha contas cunha clara proxección social. De feito, destinamos un 30 % deste orzamento á implementar políticas sociais, facendo fincapé nas persoas máis vulnerables". Apostan tamén por impulsar a rehabilitación e a rexeneración dos barrios, "construíndo espazos públicos humanizados e renaturalizados que incentiven á convivencia interxeracional ao tempo que evidenciamos un compromiso firme co noso tecido produtivo que permita dinamizar a actividade económica e xerar emprego", engade. Fano sen "descoirdar a educación, a cultura, o deporte, a ciencia e a innovación, e aos distintos colectivos como a muller, infancia e os maiores", asegurou Alvarellos.

Pola súa parte, o tenente alcalde, Rubén Arroxo, volveu defender a idea de "continuar a avanzar no proxecto de cidade co que levamos anos mellorando Lugo, facendo unha cidade máis amable para as persoas". Rubén Arroxo destacou



que as novas contas "permitiranos continuar cos proxectos xa iniciados e avanzar no tempo novo que abrimos desde o goberno, cun Lugo que aproveite o seu patrimonio histórico e natural".

INVESTIMENTOS. Outra porcentaxe importante deste documento está copado polos investimentos. O Goberno local destinará 1.411.356 euros á conclusión dos 4 proxectos previstos dentro da estratexia do Corazón Verde, para finalizar a peonización total do Centro Histórico e a implantación da Zona de Baixas Emisións e tamén para o inicio do Plan de Sostibilidade Turística.

Dentro deste bloque inclúense partidas para a intervención no Pazo de Dona Urraca, a supresión de varios tapóns urbanísticos na cidade e finalizar coa expropiación que permitirá unir o cinto verde do Miño e Rato. Ademais, resérvanse máis de 2'5 millóns de euros para melloras, peonizacións e humanizacións, mellora de zonas verdes, parques infantís e espazos de ocio de uso público. Neste punto destacan a rúa Milagrosa, Recatelo, onde renovará o muro de Frei Plácido Rei Lemos; as pavimen-

tacións como as previstas na contorna da Fonte dos Ranchos e a peonización da Rolda da Muralla na zona norte.

O plan de renovación de alumeadado público en zonas urbanas e periurbanas continuará tamén no 2024 e se seguirá investindo na praza de Abastos ou o Cemiterio Municipal, onde se incluírá a construción dun espazo para mascotas.

SERVIZOS SOCIAIS. Incorpóranse 350.000 euros para investimentos en Deportes. Outros servizos estratégicos para a veciñanza, como son a Policía Local e Bombeiros, serán mellorados. As contas prevén melloras nas dependencias municipais que prestan servizos de carácter social e veciñal, entre elas os edificios de Servizos Sociais, o Fogar do Transeúnte ou Biblioteca do Centro Interxeracional Paco Martín.

Así mesmo, incidíu que os orzamentos inclúen 3,5 millóns de euros para a Intermodal, destinados a construción do paso de cidade e da urbanización da contorna.

Por último, a área de Cultura continuará a manter unha ampla programación cultural durante todo o ano.

Benestar aumenta a cota de Xantar no Fogar

A área de Benestar Social incrementará nun 22,5% a partida do servizo de Xantar no Fogar, elevando a súa consignación até os 257.848 euros anuais. O servizo licítase por dous anos máis outros dous prorrogables. En total, o valor estimado do contrato ascende a 1.190.067 euros. A Xunta de Goberno Local aprobou iniciar o procedemento para a contratación desta prestación municipal, que ten por obxecto a dispensa de comidas a domicilio a aquelas persoas que, por diferentes motivos físicos, económicos ou sociais, teñen limitada a súa autonomía.


O novo contrato presenta unha serie de melloras respecto ao anterior. De feito, valoráranse aspectos

como a variedade dos menús e adaptación das dietas ás particularidades das persoas usuarias. Como novidades, contéplase a cesión de neveiras nos domicilios, con ata 10 puntos, e a subministración dun litro de leite e outro de zume de froita semanalmente, con 6 puntos, aspectos encamiñados a mellorar a calidade do servizo. Ademais o novo contrato incrementa o número de menús que se servirán anualmente ata un mínimo de 41.460, polos 41.292 que se licitaron no anterior. Esta cifra podería incrementarse en función das ofertas presentadas polas empresas, xa que este aspecto puntúase na adxudicación con ata 10 puntos polas 1000 comidas de incremento.

CANDIA REÚNESE COS EMPRESARIOS



Durante a xuntanza celebrada coa nova directiva da Asociación de empresarios do Ceao-Gándaras a voceira popular explicou as emendas propostas aos orzamentos municipais para mellorar os servizos en ambos polígonos. Elena Candia explicou que se solicitaron fondos para a creación de dotacións para o coidado dos fillos e fillas dos traballadores e empresarios destas zonas industriais así como a Renovación das Tubaxes do polígono do Ceao, ámbalas dúas peticións son reivindicacións dos emprendedores e os traballadores.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

A vantaxe de estudar no rural

O CEIP Plurilingüe de Nadela desenvolve un programa de estudos que participa en numerosos proxectos e aproveita unha contorna única

O CEIP Plurilingüe de Nadela é un centro situado a 7 quilómetros da capital luguesa. Situado nunha contorna totalmente rural mantén a mesma estrutura e funcionamento que calquera outro centro da cidade pero conta con outras moitas características que o fan diferente. Destaca, por exemplo, o seu ambiente rural, sendo, por tanto, un espazo natural cheo de recursos para o seu aproveitamento educativo en todos os aspectos.

Acolle actualmente un total de 130 alumnos nos cursos que van desde infantil ata sexto de primaria, sendo a meirande parte usuarios de comedor escolar e transporte, en horario continuado. Sen dúbida non ter unhas clases masificadas ofrece outra vantaxe engadida.

A día de hoxe é un centro cunha maioría de profesorado definitivo e comprometido coa contorna e co seu labor docente e que participa en diferentes proxectos e programas educativos como son e-Dixgal, Contratos Programa, Plan Dixital, Plan Director, EduEmprende, Plurilingüismo, Plan de fomento do uso do galego, 21 días co galego e + e moitos outros.

A participación no Plambe é o motor

do traballo diario e a biblioteca escolar o centro neuráxico dunha actividade engadida e de onde parten todas as propostas que se desenvolven ao longo do curso da man na súa mascota Tintileo.

“Consideramos o labor educativo como unha prolongación da levada a cabo nas familias”, explica Gema Lombó, secretaria do centro, polo tanto manteñen unha total implicación na realización de actividades pedagóxicas, experiencias derivadas da convivencia e unha permanente comunicación con alumnos e familias.

“Queremos impartir unha educación integral e continua de calidade”, engade.

A metodoloxía didáctica que aplican promove o interese do alumnado tal e como amosan os resultados obtidos ata o de agora. “Está centrada na observación directa, na experimentación, o desenvolvemento de destrezas e o acceso a fontes escritas ou audiovisuais para conseguir unha completa asimilación de coñecementos”, explica Gema Lombó.

Na etapa de Educación Infantil a metodoloxía baséase na filosofía das escolas activas onde os nenos e as nenas son os protagonistas das súas

aprendizaxes. Unha escola para a vida baseada na exploración, na manipulación, na creatividade, o xogo... “fomentando as aprendizaxes significativas, as actividades manipulativas e sensoriais, a resolución de retos, a sensibilidade cara ó medio ambiente... onde todos e todas desenvolven as súas potencialidades, sexan cales sexan as súas características, necesidades e intereses, respectando así desde unha escoita activa as cen linguaxes dos nenos das que falaba o pedagogo italiano Loris Malaguzzi”, engade.

Así, o fin principal deste modelo é que os “os nosos alumnos sexan felices no seu paso polo colexio e adquiren unha formación académica óptima; pero, sobre todo, que sexan boas persoas adaptadas aos novos tempos e retos profesionais do futuro”, afirma.

Por iso, desde a dirección do centro insístease no feito de cultivar os valores desde que son pequenos en cada una das súas actividades, que son amplas e variadas. Eses valores nos que traballan día a día son o respecto, a tolerancia, a responsabilidade, a solidariedade, a xenerosidade, o traballo, o esforzo, a perseveranza e a creatividade.



Destinan máis de 20.000 euros ás festas parroquiais luguesas

Rubén Arroxó explicou que o Concello de Lugo, a través da Área de Cultura, ten reservados máis de 20.000 euros nos seus orzamentos para que as parroquias e os barrios da cidade poidan contar con axudas do Concello para a celebración de festas.

Así, os eventos festivos contarán con grupos de música que o Concello se encargará de pagar para achegar a cultura aos solicitantes, que poderán ser das 61 parroquias do Concello ou dos barrios da cidade. Rubén Arroxó lembrou que “dende o Goberno local queremos apoiar a quen, co seu esforzo persoal, organiza as festas das súas parroquias ou dos seus barrios”.

As solicitudes deben ser feitas ante a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua por integrantes das diferentes comisións ou asociacións que organicen as festas. O Concello, pola súa banda, achegará a presenza de un grupo de música, tras a correspondente avaliación da solicitude, para as festas de cada unha das parroquias ou barrios.



Por outra banda, sendo alcalde en funcións do Concello de Lugo, Rubén Arroxó achegouse a Nadela, acompañado da edil de Participación, Cristina López, onde mantivo unha xuntanza con veciños e veciñas da parroquia para agradecer a súa participación e a de 15 parroquias máis que se implicaron na elaboración do calendario editado por esta Concelaría.

Cristina López, pola súa parte, destacou que “o noso rural e as nosas xentes son un piar básico da nosa

sociedade, polo que quixemos homenaxealos dándolles o protagonismo que se merecen formando parte deste proxecto”.

Ademais, o calendario *A terra entre as mans* continúa co proxecto iniciado pola área de Participación en 2019. Cada ano, elaborouse un calendario amosando a riqueza das imaxes almacenadas no arquivo municipal, con diversas temáticas cada ano. Todas as persoas interesadas poden recoller o seu calendario retirarse nas oficinas da área de Participación.

Confirman o carácter funerario do Corro dos Mouros de Adai

Novos achados descubertos durante as escavacións dirixidas por Pilar Preto, investigadora dos grupos EcoPast e Cispac da USC, na roda de Adai, tal e como se coñece o xacemento do Castrillón ou Corro dos Mouros, descuberto o século pasado na parroquia de Santa Madalena de Adai do concello de Lugo, constatan o carácter monumental dun recinto cerimonial. O conxunto arqueolóxico, que estivo vinculado co mundo funerario, é único en Galicia e cuxa datación se sitúa a cabalo dos últimos anos da Idade de Bronce e os comezos da Idade do Ferro.

As escavacións practicadas serviron para constatar a conservación dun parapeto, unha construción integrada por un muro de pedra de case dous metros de altura que ten reforzada a súa cara exterior por unha deposición de xabre de case 3 metros de anchura, ademais dun

foxo exterior. Alén destas observacións, a tamén profesora da área de Arqueoloxía da USC sostén que as principais novidades das pescudas practicadas no Corro dos Mouros, son as que apuntan ou, cando menos, suxiren a posibilidade de que o citado parapeto contaba cunha cuberta, a xeito dunha especie de coiraza de seixo que facía visible a edificación desde lonxe, ao tempo que reforza o efecto de monumentalidade da roda.

A segunda das achegas máis relevantes salientadas por Prieto responde ao achado no interior da roda dunha lousa de case 1 metro cadrado, a carón dunha ola que se conserva completa e que foi colocada de pé moi coidadosamente. Este descubrimento, que ata o momento, constitúe un rexistro único en Galicia, pode interpretarse como un acto ritual fundacional, apunta.

A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santa Marta de Fixós

Esta pequena freguesía conta cunha igrexa parroquial de pequenas dimensións que non está en bo estado

Santa Marta de Fixós é unha das máis de cincuenta parroquias que compoñen o concello de Lugo. Esta pequena parroquia conta na actualidade cun total de 27 veciños dos cales dezaseis son homes e once mulleres repartidos entre os seus catro núcleos de poboación Fixós, Santa Marta, Portoganoi e Reboredo. Estes dous últimos son os que menos poboación concentran cun total de dous habitantes cada un e Santa Marta é o máis poboado, con trece habitantes.

Lindeira coas parroquias de Saa, Soñar, Coeses e San Xoán do Campo esta pequena freguesía conta cunha igrexa parroquial de pequenas dimensións e que na actualidade non se atopa en moi bo estado de conservación. Conta cunha nave principal con cuberta de madeira e lousa a dúas augas e tanto a porta principal como a lateral alinteladas.

A capela maior ten forma cuadrangular e unha cuberta de madeira a catro augas ademais conta tamén cun arco triunfal de medio punto sobre piares con imposta xeométrica. O retablo é barroco popular, datado no século XVIII con catro columnas

salomónicas no corpo inferior e dúas máis pequenas no corpo superior. Ten un tamaño de máis de tres metros de ancho e nel hai figuras de Santa Marta, titular da parroquia e a Virxe, ambas datadas no séculos XVIII e outras dúas imaxes actuais. No ático atópase unha pequena talla de medio corpo que representa ao Pai Eterno bendicindo.

A sacristía ten unha cuberta unha auga e conserva no seu interior dúas figuras, unha de Santa Marta, ambas de arte popular e en avanzado estado de deterioro. Esta igrexa conta tamén cunha pila bautismal de granito decorada. O núcleo de Portoganoi conta cunha pequena capela de planta rectangular con cuberta de madeira e lousa a tres augas. No interior ten un retablo sen pintar de case dous metros de ancho con imaxes de San Benito, San Juan e outro santo sen identificar e tamén un cáliz do ano 1783.

A fundación desta capela ten data anterior da terceira década do século XIX segundo un diploma firmado por Fernando VII con data do 23 de marzo de 1824 no cal recoñece a concesión da cruz



de Cabaleiro da Orde Americana de Isabel a Católica a José María Padilla, presbítero. Este documento está conservado no interior da capela nun bo estado de conservación. Unido a este patrimonio cultural na parroquia

de Santa Marta de Fixós pódese disfrutar dende hai pouco dun museo etnográfico con diferentes aparellos e ferramentas de uso agrícola. Este espazo privado é obra de José Varela, un veciño da parroquia.

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

A cidadanía lucense reciclou un 40 % máis de cartón e papel en 2023

A cidadanía lucense reciclou ao longo do pasado ano un 40 % máis de cartón e papel e un 19 % de residuos de orixe plástica e metálica. Este grande aumento na capacidade de reciclaxe do municipio é froito do incremento dos puntos de recollida de lixo instalados polo Executivo local ao longo de 2023 dentro da súa política de conservación da contorna ambiental. O volume de papel e cartón recollido en 2023 ascende a 1.772.400 quilos. Esta cifra supón un importante incremento de máis 500 toneladas (500.800 quilos) respecto ao ano anterior. Pola súa parte, en relación aos residuos de orixe plástica e metálica, os lucenses depositaron na rede de colectores amarelos 1.365.600 quilos, 217.700 máis que no exercicio anterior.

“Estas cifras teñen unha repercusión destacable e están directamente relacionadas co desenvolvemento das iniciativas enmarcadas na actividade do servizo municipal de limpeza Luce Lugo, como o sistema de recollida porta a porta. Estamos a falar de que cada veciño e veciña achegou ao proceso de reciclaxe 18,4 quilos de papel e cartón e 14,05 quilos de plástico. Algo que nos está a permitir que unha alta porcentaxe de material entre no ciclo de reciclaxe para contar cun novo uso”, sinalou o responsable de área, Miguel Fernández.

Así mesmo, o edil destacou a implicación da veciñanza nesta causa. “Os datos que manexamos nos pe-

ríodos trimestrais apuntaban cara a un incremento importante que finalmente superou as expectativas previstas. Esta progresión é un motivo de satisfacción para o noso Goberno. É evidente que as iniciativas de concienciación postas en marcha dentro da nosa política de conservación da contorna incentivaron este substancial aumento do compromiso medioambiental entre a cidadanía. Hoxe somos unha cidade máis limpa e máis sustentable”, sinalou o responsable de Transición Ecolóxica.

REDES DE RECILAXE. A este incremento na reciclaxe de papel e plástico súmase un notable aumento noutro tipo de residuos, como téxtiles ou aceite doméstico, froito das medidas implementadas ao longo de 2023 pola concellería de Transición Ecolóxica. A instalación de 75 puntos de recollida de roupa traducíuse no aproveitamento de 184.790 quilos de téxtil nos últimos 12 meses. Mentres que a extensión da rede de colectores de aceite permitiu reciclar 19.000 quilos de derivados vexetais. Deste xeito, evítase que estes residuos danen o medio ambiente e permiten darlles unha segunda vida. Algo que o responsable de área valorou de forma positiva ao tempo que convidou á veciñanza a seguir avanzado na conservación da nosa contorna. “O obxectivo é seguir incrementando estes datos en cada un dos trimestres deste ano”, concluíu.

A folga da limpeza superou os cen días para iniciar as negociacións

As traballadoras da limpeza contiñúan incansábeis coa folga indefinida que comezaron o pasado 16 de outubro, xa que na reunión da mediación non se lograron avances para un acordo que poña final ao conflito. Está convocada unha asemblea de traballadoras para informar e avaliar as últimas propostas trasladadas pola patronal, sobre todo centradas na materia económica, e hai fixada nova reunión da mediación para continuar coas negociacións.

A este respecto, Asunción Castiñeira, representante da CIG, amósase moi crítica polo feito de que tiveran que pasar máis de cen días de folga “para que a patronal tivera a ben pór enriba da mesa unha oferta que permita iniciar as negociacións do convenio,



cando nunha negociación normal xa deberían ter presentado estas propostas antes do inicio da folga”. Apunta que malia os pequenos avances, as posturas aínda están distanciadas pola insuficientes ofertas patronais, polo que as traballadoras manterán a folga e as mobilizacións

até que haxa un acordo que responda as súas demandas. Nun dos últimos actos públicos, as traballadoras da limpeza en folga e representantes da CIG pecháronse no edificio administrativo da Xunta de Galiza en Lugo para reclamar a intervención activa da administración.

A Escola de Música inaugura a placa na honra ao mestre Fernández Engroba

A Escola de Música homenaxeou ao seu Mestre Fernández Groba mediante a instalación dunha placa que recorda a súa dedicación e paixón que permitiu elevar a calidade artística dos músicos e músicas de Lugo. Durante o acto celebrado nas instalacións da Escola sitas no primeiro andar do Uxío Novoneyra, despregouse un rótulo e un retrato do músico na entrada do ESMU como mostra de agradecemento polo labor a favor da cultura musical da cidade amurallada. Maite Ferreiro anunciou que o Goberno de Lugo iniciará os trámites para que a Escola Municipal



de Música pase a levar o nome do mestre Indalecio Fernández Groba Rubén Arroxo e Maite Ferreiro insistiron en que “o Mestre Fernández Groba deixará para sempre unha pe-

gada imborrable na escena musical local, cultivando talento e guiando a novas e novos artistas cara ao éxito”, unha paixón pola ensinanza musical que merece un recoñecemento.



**MARMOLES
VILARO**



ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS *
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com



Descubre la Verdad sobre la Piel

- Acné
- Psoriasis
- Arrugas
- Manchas
- Eczemas
- Dermatitis
- Rosacea
- Estrías
- Pos-quimioterapia
- Pos-radioterapia
- Hiperhidrosis
- Micosis
- Lupus
- Celulitis

¡Pide una demostración Gratuita!
Tratamiento exclusivo de nuestro centro

Verxel
HERBOLARIO

Montero Rios, 41 27002 - Lugo.
josemanuel@verxel.es
Tel.: 982 251 827 • www.verxel.es

A directiva de Lugo Monumental propón un Centro Comercial Aberto

Reuniuse en Lugo a asemblea anual de Lugo Monumental no salón de actos da APEC, na Praza do Campo, na que un dos principais puntos foi a elección da directiva.

Luis Latorre foi elixido novamente como presidente de Lugo Monumental por unanimidade. Segundo os estatutos da asociación, a directiva é elixida polo presidente.

Tamén se fixo unha valoración das actividades de 2023 e presentouse o programa para 2024. No primeiro, os socios valoraron positivamente a programación anual da asociación e contemplouse manter para o ano 2024 as mesmas actividades, así como as que poidan xurdir durante estes meses.

Como novidade, propúxose modificar a data de celebración do Milagre de San Vicente, debido a que en 2024 sería un luns e considerouse máis apropiado polos asociados presentes que teña lugar a última fin de semana do mes de xullo. A elección do día concreto (venres ou sábado) decidírase por votación no

grupo de telefonía móbil da Asociación.

AS CONTAS. “A boa saúde económica da asociación, grazas a aumentar o seu número de socios a 145, ademais dunha xestión económica moi prudente permitirá a Lugo Monumental gozar dun certo desafogo económico”, dixeron na reunión.

As contas presentadas lanzan un saldo favorable de algo máis de 3.000 euros para o ano 2024, a pesar de que nin sequera se computan como ingresos previstos o total das cotas para ter previsión de posibles incidencias.

Aprobouse tamén o alugueiro dun pequeno local para servir como sede social da Asociación e de almacén do material da mesma.

Outra das medidas aprobadas por unanimidade foron modificacións menores dos estatutos, relativas á localización da sede social, data de celebración da asemblea anual ou eliminación do máximo de membros da Xunta Directiva.

CENTRO DO LUGO. Acórdase estudar a creación dun Centro Comercial Aberto no centro histórico, aínda que se empraza dita acción a un estudo pormenorizado das condicións do mesmo e os seus custos, remitindo novamente á votación no grupo de mensaxería móbil da Asociación. Desde a directiva explícase que, aínda que a intención segue sendo depender dos recursos propios, “si é certo que hai convocatorias de subvencións para accións puntuais que poden ser interesantes”, polo que aprobouse facultar á directiva para poder concorrer a subvencións, informando puntualmente os socios mediante as canles habituais (mensaxería móbil) e sempre que en ditos canais se aprobe participar nas axudas.

Apróbase a proposta do presidente para nomear a un local comercial e outro de hostalaría para os premios da asociación en 2024, aínda que se fará público no seu momento tras consultar cos galardoados a aceptación do mesmo.



Alberto Rodríguez, novo director da DXT de Lugo

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, recibiu ao novo xefe provincial de tráfico, Alberto Rodríguez Fernández, que asume a xefatura da Dirección Xeral de Tráfico (DXT) na provincia de Lugo. A subdelegada deu a benvinda ao novo cargo nun primeiro encontro no que estableceron as prioridades para os próximos meses coa vista posta na progresiva redución da sinistralidade viaria.

Alberto Rodríguez, funcionario de carreira da Escala Superior de

Técnicos de Tráfico e licenciado en Psicoloxía, colle o relevo da Xefatura Provincial en Lugo despois de desempeñar nos últimos anos o mesmo posto na provincia catalá de Girona.

Desde novembro de 2022 ostentou o cargo de Xefe provincial accidental de Tráfico na provincia de Girona, onde tamén desempeñou previamente os postos de Subxefe provincial e Xefe de sección de Seguridade Vial. Na súa faceta docente, impartiu módulos de accións formativas.

MULLERES EMPRESARIAS



O tenente alcalde, Rubén Arroxo, mantivo unha xuntanza con representantes da asociación de Mulleres Empresarias. Durante a reunión, Arroxo escolto as demandas deste colectivo, e deulle información sobre os proxectos máis inmediatos que está a desenvolver a área de Mobilidade e Infraestruturas.

Olga López eloxia o sistema de atención a menores no Día da Mediación

A concelleira de Benestar Social, Olga López, participou este luns nas instalacións da EGAP en Santiago de Compostela na xornada ‘Mediando na protección da infancia’, organizada polas asociacións Cimega (Círculo de Mediación de Galicia) e Acougo (Asociación Galega de Familias de Acollida) con motivo da celebración do Día Europeo da Mediación.

A edil puxo en valor o traballo e o investimento do executivo mu-

nicipal para a posta en marcha de programas sociais de benestar, dirixidos especialmente a persoas maiores e á infancia. Así, destacou a creación dunha guía de intervención en casos de menores; actuacións como o Acompañámoste que se ampliou co fin de apoiar ás crianzas de Lugo, para evitar que a fenda dixital lles afecte a súa aprendizaxe; ou a posta en marcha dun programa de integración social con menores e as súas fa-

milias na zona norte do municipio para brindarlles a oportunidade de aprender contidos e desenvolver competencias a través do xogo, e que se estuda expandir a outras zonas da cidade.

“A loita por acadar a plena integración social, para mellorar a convivencia, previr as adicións e garantir a igualdade de oportunidades de toda a veciñanza é unha prioridade transversal para este goberno”, subliñou Racamonde.

**VOTA
BESTEIRO**

PSG/♥PSOE

**DESTA
VAI!**

O barrio de San Lázaro acollerá en marzo un descenso de carrilanas

O barrio do San Lázaro de Lugo contará coa primeira edición dun descenso de carrilanas, que terá lugar o 9 de marzo, a partir do mediodía.

Esta proba abre o calendario de competicións deste tipo que organiza a Federación Española de Deportes de Inercia e que é válido para a Copa Galicia.

As inscricións abriron este sábado e poderán facerse ata o día 6 de marzo. Comezarán a esa hora coas verificacións técnicas e o adestramento para facer os primeiros re-



montes ás 12.30 horas.

Os adestramentos oficiais serán ás 13.00 horas e a verdadeira competición terá lugar a partir das 16.30 horas coa primeira baixada. A segunda será ás 18.00 horas.

XORNADA DE SEGURIDADE



Preto de cincuenta nenos e nenas participaron en Lugo na III Xornada sobre Prevención e Seguridade para as familias de EDP Redes, celebrada na oficina de Begasa. Os máis novos asimilaron á perfección a importancia de cumprir as medidas de prevención e demostraron ser os mellores promotores destas boas prácticas entre as persoas que traballan na distribución eléctrica.

As Gándaras prepara as festas con París de Noia, Marbella e New York

O barrio das Gándaras celebra os vindeiros 15, 16, 17, 18 e 19 de marzo as súas festas na honra de San Xosé. As celebracións darán comezo o venres 15 de marzo ás 21.30 horas co certame de tunas e a presentación a cargo de Javier Prado Vázquez, tuno de Veterinaria de Lugo e presidente da Casa Galicia de Madrid. A verbena comezará ás 22.00 horas da man do DJ Miron e coa orquestra París de Noia.

A programación do sábado 16 será a partir das 11.00 horas con pasacalles coas tunas que participarán no certame. Ás 12.45 horas as tunas actuarán na residencia de maiores e a sesión vermú será ás 14.15 coa charanga Os Tamega. A partir das 20.30 horas, as tunas actuarán no campo da festa e a verbena da man de Marbella e New York comezará ás

22.00 horas.

O domingo 17 as celebracións darán comezo ás 11.00 cun pasacalles para continuar ás 13.30 coa misa solemne. A sesión vermú coa orquestra Acordes dará comezo ás 14.30. Xa pola tarde, ás 17.30 haberá unha festa infantil e a verbena, que será ás 21.00 horas coa orquestra Acordes, poñerá punto e final á xornada. A xornada do día 18 estará dirixida aos máis cativos que poderán gozar dos carruseis a partir das 17.00 horas.

O martes 19 a celebración comeza ás 13.00 horas coa misa na honra a San Xosé e sesión vermú da man de Escapate a partir das 14.00 horas. Pola tarde, organizaranse xogos populares e unha churrascada veciñal a partir das 20.30. A orquestra Escapate será a encargada de amenizar a última noite das festas.

A Federación veciñal presenta o seu Programa de Igualdade

A Federación de Asociacións de Veciños de Lugo Lucus Augusti presentou o Programa de Igualdade e Loita contra a Violencia de Xénero para o ano 2024, no que ofrecen servizos gratuitos de intervención individual ás mulleres e actividades grupais abertas á poboación que abordan de maneira transversal a violencia machista e están dirixidas á poboación xeral que queira profundar en temas relacionados coa igualdade e a diversidade de xénero. Este plan está ideado xunto ás asociacións veciñais da provincia, xa sexa para a realización de actividades ou para dar resposta a demandas específicas.

Ademais das habituais, este ano contan con novas actividades. Nos *Almorzos pola Igualdade* compartirán un almuerzo, nun espazo seguro e de confianza, onde pasar un intre agradable, e descubrir o que hai en común entre todas, brindándose apoio unhas ás outras.

Co programa *Non estás soa!* ofrecerán apoio e asesoramento gratuito, abren as portas da Federación Veciñal ofrecendo unha sala onde poder acudir de forma libre en horario de mañá mediante cita previa. “

Tamén haberá *Faladoiros entre veciñas*. O grupo de Mulleres Veciñais reuniránse para charlar sobre o que está a pasar na provincia, as noticias de actualidade e todo o que acontece no día a día para poñelo en común.

Os *Talleres de autoestima* son un espazo de encontro no que aprenderase a traballar a imaxe corporal e que impacto ten na autoestima buscando visibilizar e adquirir novas ferramentas que faciliten o benestar



e o autocuidado.

Poñeráse en marcha un grupo terapéutico para mulleres divorciadas ou separadas. Neste grupo reuniránse con mulleres que acaban de separarse, divorciarse ou terminar unha relación de parella. Poderán compartir as súas experiencias, expresar as súas emocións e os seus pensamentos máis íntimos de forma confidencial nunha contorna comprensiva e de aceptación.

TEATRO. Teñen previsto talleres de Teatro nos que se achegarán as técnicas teatrais como a improvisación, a técnica vocal ou a expresión corporal, que facilitasen o desenvolvemento da creatividade, a empatía, a autoestima, a confianza e a seguridade. Xuntas irán xerando ideas sobre as que traballar e expoñerán obxectivos para todo o grupo. Non se requiren coñecementos previos nin experiencia en técnicas teatrais. Apostan polo *Empoderamento Dixital* cun taller que pretende mellorar o uso do computador, refrescar coñecementos sobre correo electrónico, xestións e seguridade na internet, coñecer a nube e ferramentas

básicas de ofimática etc.

Na *Costura de supervivencia* veranse reparacións básicas téxtiles, para gañar autonomía e sustentabilidade e alongar a vida útil da roupa.

AMIGAS GUERREIRAS. Continuarase co grupo de Mulleres Veciñais, que ten o obxectivo de traballar distintas temáticas que teñen que ver co desenvolvemento persoal, a promoción da saúde, a educación sexual e a prevención da Violencia Machista. Así mesmo apostarase polo *Empoderamento Artístico*, neste encontro de escritura creativa no que expresarán e reflexionarán sobre a invisibilización das mulleres como unha forma de violencia.

Completa a oferta *Eu tamén podo*, unha actividade que trata de preguntar quen realiza algunhas tarefas en casa, quen fai o almuerzo ou a cea, quen limpa, recolle, fai a compra...

Na fórmula *Ensinos ás próximas xeracións*, inicianse conversacións en centros escolares sobre os roles de xénero a unha idade temperá que cuestionan os trazos e as características tradicionais asignadas a homes e mulleres.

Un acordo permitirá desenvolver drons especializados en Lugo

A Alcaldía de Lugo ultima unha colaboración co centro de Formación Profesional As Mercedes que permitirá ao servizo municipal de Protección Civil operar drons desenvolvidos por este centro educativo nunha contorna operativa real. O acordo, que foi á Xunta de Goberno local e terá unha duración inicial de catro anos, abre un novo abano de posibilidades a nivel municipal aplicables a ámbitos moi diversos: desde a procura de persoas ata a execución de fotogrametría 3D en contornas naturais e patrimoniais para prever situacións potencialmente perigosas. Así mesmo, esta colaboración inclúe a preparación dun vehículo municipal como cen-

tro de operacións para comandar UAS de distintos tipos, dispositivos robóticos e aqueles sistemas anti-dron implementados por As Mercedes dentro dos seus ciclos formativos.

“O obxectivo deste traballo conxunto, que canalizará a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, é converter ao Concello de Lugo nun referente de operatividade con este tipo de sistemas aproveitando o material punteiro co que conta este centro de FP referente en robótica a nivel galego. Así mesmo, pretendemos lograr a mellora da formación e capacitación profesional do seu alumnado

á hora de realizar funcións no mando e control de diversos sistemas non tripulados, tanto aéreos como terrestres”, sinalou a alcaldesa, Paula Alvarellos.

O Concello xa conta na actualidade con dous drons, un aéreo e outro subacuático, adscritos a tarefas de vixilancia, rescate e control de tráfico ou eventos. Utilizáronse para o control das Festas de San Froilán 2023 ou o rescate do pasado mes de agosto, cando o dron subacuático de Protección Civil permitiu localizar e recuperar un cadáver no leito do Miño nun tempo récord, aforrando así un elevado custo tanto en recursos humanos como económicos”, sinalou a rexedora.

ELECCIÓN Á XUNTA

Galicia elixe o seu Goberno

O 18 de febreiro serán os comicios nos que se escolle ao presidente galego, que de cambiar sería o oitavo

En Galicia
celebráronse xa
once eleccións á
Xunta desde o
ano 1981

O 18 de febreiro haberá eleccións en Galicia para escoller aos representantes no Parlamento e con elas ao próximo presidente da Xunta, que podería ser o oitavo logo de once convocatorias.

Alfonso Rueda anunciou días antes do Nadal, ao finalizar o Consello de Goberno, a cita electoral. Esta declaración chegou nun momento no que o entón presidente da Xunta recibía presións por parte dos dous partidos maioritarios na oposición, especialmente polo PSOE. Ademais, este adiamento coincide tamén co debate pola aprobación da lei da amnistía. A data coincide tamén coa celebración do Entroido, unha das festas máis destacadas en Galicia, en especial nalgúns zonas como Ourense. Mentres a data parecía que traería queixas por parte dos partidos, ao final, este adiamento foi do gusto de todos os partidos. Para Galicia serán as duodécimas



eleccións logo do paso de oito presidentes, seis do PP e dous do PSOE. Actualmente o arco parlamentar está formado por 42 representantes do PP, 19 do BNG e 14 do PSOE.

Son varias as particularidades destas eleccións, nas que por primeira vez desde 2009 o candidato do Partido Popular non é Alberto Núñez Feijoo, que deixou a presidencia da Xunta o ano pasado para encabezar a lista do PP ás eleccións xerais. O galego obtivo un gran apoio das urnas pero contrariamente á predición das enquisas, non logrou a maioría absoluta que esperaba contando co apoio de VOX. Xa antes, nas

municipais, os populares tiñan gañado terreo, que logo non chegou a materializarse nas xerais. Alfonso Rueda lidera o partido tras un ano como presidente.

Para o PSOE estas tamén son unhas eleccións diferentes. Por primeira vez preséntase para liderar o partido un lugués, José Ramón Gómez Besteiro, que despois de varios anos fóra da política regresou pola porta grande volvendo ao panorama como delegado do Goberno en Galicia. Poucos meses despois deixou o cargo para presentarse ás eleccións xerais como deputado por Madrid e ser peza fundamental na negociación de Sánchez para formar goberno.

Foi nomeado candidato á Xunta sen oposición.

Para Ana Pontón o reto está aí. Como a segunda forza máis votada nos anteriores comicios, ten ante ela o obxectivo de derrotar a Alfonso Rueda por unha banda e impedir que o PSOE lle arrebatase escanos para manterse por riba, polo que, en caso de ter posibilidade de pactar poda ser a primeira muller presidenta en Galicia. Con todo moi apertado dúas forzas poderían cambiar a balanza, Sumar e Democracia Ourenzana, que restarían votos aos partidos maioritarios e que poderían cambiar o curso dunhas eleccións nas que nada está decidido.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

PARTIDO POPULAR

Elena Candia, dúas décadas de logros políticos como aval para apoiar a Rueda

Elena Candia, nada no 1978 en Mondoñedo, na parroquia do Carme, licenciouse en Dereito na Universidade da Coruña e iniciou o seu doutoramento no estudo de entes locais. A súa experiencia profesional está vinculada co mundo das aseguradoras, xa que foi responsable dunha oficina de seguros no seu Mondoñedo natal.

Leva máis de dúas décadas vinculada ao mundo da política. Deu os seus primeiros pasos no ámbito local como concelleira do seu municipio no 2003 tras formar parte da lista liderada por Luis Rego e coa que lograron unha ampla maioría. Catro anos despois presentouse como cabeza de lista pero os resultados foron outros para o partido, pois dos sete edís que acadaron nos anteriores comicios, só mantiveron catro. Foi voceira do Grupo Provincial do PP na Deputación de Lugo dende finais do 2011 e fíxose coa presidencia desta institución dende xullo ata outubro do 2015. A toma de posesión foi para ela toda “unha sorpresa”, tras o empate a 12 votos co socialista Darío Campos, e asumiu o rol coa firme aposta polo “progreso e o desenvolvemento económico da provincia”.

No 2015 conseguiu recuperar a alcaldía de Mondoñedo grazas a unha maioría que ampliou nas eleccións do 2019. En marzo do ano seguinte renunciou ao bastón de mando para encabezar a lista das autonómicas e foi substituída por Manuel Otero, pero mantívose na corporación. Dende o 2016 ocupa a Presidencia Provincial do PP de Lugo tras unha clara vitoria sobre Raquel Arias e en maio do 2022 tomou a Vicepresidencia primeira do Parlamento tras a renuncia de Diego Calvo. Neste

mesmo ano foi proposta pola xunta directiva local, co apoio unánime de todos os afiliados, como candidata dos populares á alcaldía de Lugo, labor que recoñeceu asumir “con humildade, porque todo o que son débollo ao PP de Lugo”.

Un plan para o retorno de lucenses para traballar na cidade e outro para o coidado de nenos de familias monoparentais formaban parte das máis de 140 medidas “consensuadas cos lucenses” e presentadas no seu programa electoral para facerse co consistorio nos comicios municipais do 12 de maio. Tras a cita coas urnas, os populares lograron os segundos mellores resultados da súa historia dende que perderon a maioría absoluta no 1999, acadando o 43,57 % dos votos e 12 escanos. Deste xeito, quedáronse a un escano de lograr a maioría absoluta, polo que Lara Méndez puido reter a

“Queremos colaborar e afastarnos de calquera confrontación”

alcaldía revalidando o bipartito co BNG, bipartito que tamén conseguiu manter a Deputación. Dende a oposición, a voceira popular e responsable da área de economía destacou que a súa folla de ruta sería o seu programa electoral. “Queremos cooperar e apartarnos de calquera tipo de confrontación”. Entre as últimas propostas do seu equipo atópase desenvolver unha Concellería de Maiores, crear unha mesa de traballo para a praia fluvial ou que o Goberno local lidere un



plan de permutas agrícolas nas parroquias con maior presenza do sector primario.

A tamén membro da Comisión de Igualdade da Federación Española de Municipios e Provincias e número un da lista popular por Lugo ao Parlamento declárase defensora da “política realista, a de tomar as medidas que os galegos precisamos e merecemos, a de cumprir a palabra, a de atender ás persoas e a de apoiar o desenvolvemento da provincia; non a de prometer antes das eleccións e cambiar de opinión despois”, así o asegurou nunha xuntanza co presidente do PPdeG, Alfonso Rueda. A mindoniense aposta por “facer unha campaña contando a verdade á xente”, que “xa sabe o que aportou o besteirismo e o nacionalismo á nosa provincia” e que “non sería positivo que se trasladase a Galicia”. Ao contrario do PSOE e do BNG que “presumen constantemente do que carecen”, Candia asegura que o seu partido xa “ten demostrado traballar dende a seriedade e pegado ao territorio”.

CANDIDATOS

1. María Elena Candia López
2. Javier Arias Fouz
3. Alfonso Villares Bermúdez
4. Cristina Sanz Arias
5. José Manuel Mato Díaz
6. Raquel Arias Rodríguez
7. José Manuel Balseiro Orol
8. Enrique Barreiro Sánchez
9. María Encarnación Amigo Díaz
10. Nicole Grueira Fernández
11. Katherinie Varela Fernández
12. José Luís Novo Teijeiro
13. María Alicia López Rodríguez
14. Pablo Figueiras Reguera

Suplentes

1. Aurora Aida Goas Castro
2. José Fernández Carrete
3. Miguel Ángel Fernández González
4. Saray Ventura Fernández
5. Verónica Soto Piñeira



PARTIDO S

Xosé Ramón Gómez Besteiro, o candidato lugués que opta á presidencia da Xunta

Xosé Ramón Gómez Besteiro non só liderará a cabeza de lista do PSdeG-PSOE nos comicios autonómicos á Presidencia da Xunta do vindeiro 18 de febreiro, tamén será o candidato pola provincia de Lugo, acompañado pola exalcaldesa da capital lucense, Lara Méndez, seguida da ex alcaldesa de Trabada, Mayra García. Besteiro, nado en Lugo en 1967, estudou Dereito e, ao finalizar os seus estudos, afiliouse ao PSOE. Avogado de profesión, participou na vida pública do Concello de Lugo entre o ano 1999 e o 2007 como voceiro municipal socialista e concelleiro de Urbanismo. No 2007 deixou estes cargos para presidir a Deputación de Lugo ata o

o encabeza é o candidato Miguel Tomé, convencido do gran resultado a coa determinación a actuar en Galicia liderado por Besteiro. “É urxente activar a política, no que a provincia será determinante, e deixarán de estar co PP, porque os socialistas en marcha un novo horizonte de esperanza, de ilusión e de novas oportunidades no polo futuro que merece a nosa provincia”, afirmou Tomé.

Besteiro comprométese a un Goberno “que d

CANDIDATOS

1. José Ramón Gómez Besteiro
2. Lara Méndez López
3. Mayra García Bermúdez
4. Miguel Tomé López
5. Teresa Fernández Pérez
6. Jaime Losada Sobrado
7. Elena Cordero Becerra
8. Manuel Eduardo Fernández Varela
9. Catalina Fernández Méndez
10. Roberto Castro González
11. Marina Ramudo Graña
12. Miguel Ángel Vilar Rivas
13. Silvia Rodríguez Díaz
14. Jorge Val Díaz

Suplentes

1. Miguel Ángel Crende López
2. Olimpia López Rodríguez
3. Pablo Núñez González
4. Ana M^a Hortas Alonso
5. Miguel Caloto Conde



ano 2015.

Xa no ano 2023 foi designado como delegado do Goberno en Galicia e agora preséntase como candidato do PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

O candidato, que encabeza a lista por Lugo, di que presenta “un equipo sólido, con traxectoria de xestión en distintos niveis da administración, con perfís profesionais de diversos ámbitos, que aportan experiencia e xuventude, e que representan á totalidade do territorio da provincia de Lugo”.

O secretario xeral dos socialistas en Lugo, José Tomé Roca, sostivo que “Lugo aporta o mellor equipo dos que se presentan a estas eleccións autonómicas, e temos a sorte de que quen

e “que conteste”, cu representa ao “galego” para resolver os “verdadeiros problemas dos galegos e das galegas”. En concreto, Besteiro

“É urxente cambio en Galicia, vai ser determinante”

Monforte, sostivo que “a Galicia vai á fronte do Goberno de España”. “O que quedará o Porto Seco”, afirmou o candidato. “O nodo loxístico de referencia”, Tamén visitou a moita xente onde o candidato s

SOCIALISTA

ez
ato
nta

andidato”, subliñou de que “vai ter un contribuír de maneira a vivir o cambio en Besteiro”.

o cambio en Galicia de Lugo vai xa que os lucenses discriminados polo alistas poñeremos o proxecto de ón, de impulso e dades, traballan e necesita e que vancia”, recalcou

étese así a liderar a verdade”

rou que “a Atención Primaria precisa dunha nova estratexia e dun forte compromiso por parte da Xunta para recuperar o prestixio e a importancia que ten na cadea sanitaria”.

Con respecto ao ámbito sanitario, o socialista tamén promete que, ao chegar á Xunta, implantará en toda Galicia o modelo público de residencias que creou á fronte da Deputación de Lugo, xa que nunha visita á residencia de Meira explicou que “aquí os maiores son tratados coma na casa, en centros pequenos e ben atendidos, sen ter que marchar do seu pobo, e pagan o xusto en función da súa capacidade patrimonial”.

Ademais, reclama recursos materiais e



un PSdeG que guismo útil” para os problemas” alegas.

ro, nunha visita a

e activar o
 Galicia, e Lugo
erminante”

que cando estea o galego, desblo- e converterao en ferencia en Galicia. ontaña lucense, socialista conside-

humanos para que os concellos poidan afrontar a limpeza dos granulados sen custo, así como “información científica e transparencia que permita afrontar a situación con tranquilidade”. Ademais, a terceira na lista, Mayra García, ex alcaldesa de Trabada, sostén que Besteiro executará as obras da Vía de Alta Capacidade Costa Norte de Ferrol a San Cibrao para a mobilidade e o desenvolvemento da comarca mariñá e daralle á Mariña o impulso do que o PP nos leva privando dende hai 15 anos”

Outra das iniciativas que leva o candidato socialista no seu programa é a aposta dende a Xunta de Galicia por apoiar ás empresas “que creen emprego de calidade e proxectos industriais que fixen poboación”.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO



CANDIDATOS

1. Olalla Rodil Fernández
2. Daniel Castro García
3. Montserrat Valcarcel Armesto
4. Iago Suárez Fernández
5. Iria Coteló Cociña
6. Martín Gómez Souto
7. Pilar Vázquez Sánchez
8. Alejandro Varela Rubín
9. Beatriz Cedrón Vilar
10. Eloi Cabanas Ramos
11. Rosa Ana Prieto Florines
12. Mario Outeiro Iglesias
13. Alejandra Fernández Cillero
14. Miguel Gómez Fraga

Suplentes

1. Bernardo Valdés Paços
2. Wanesa Gómez Lourido
3. Manuel Luaces Fernández
4. María Dolores López Cayón
5. Xosé Manuel Becerra Pardo

Olalla Rodil encabeza o BNG provincial desde o 2016 e é voceira suplente

Olalla Rodil, nada en Ribeira de Piquín, é xornalista pero é máis coñecida polo seu labor político no Bloque Nacionalista Galego. É licenciada en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo e conta cun mestrado de Estudos Internacionais. Tamén traballou como redactora.

Foi cabeza de lista da provincia de Lugo polo BNG nas eleccións xerais de España de 2016 e 2019, nas do Parlamento de Galicia de 2016, na cal saíu elixida deputada do Parlamento, e 2020.

Na actualidade ocupa o cargo de voceira suplente do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento de Galicia e tamén é a vice-coordinadora de comunicación da executiva nacional do mesmo partido.

Rodil ten propostas dirixidas ás persoas maiores no eido da dependencia e da promoción da autonomía persoal. Son medidas que buscan “garantir o dereito a envellecer no propio fogar coas mellores condicións de vida, achegando os apoios e servizos necesarios que garantan o seu benestar”. Tamén afirmou que o BNG poñerá a disposición de todas as persoas maiores unha “rede de servizos públicos fortes” que permitan envellecer nas casas, xunto cun programa de prevención da dependencia e de promoción da autonomía persoal.

O BNG estruturará estes servizos a través do Servizo Galego do Benestar, “un sistema de xestión público, similar ao Sergas, que garanta o acceso de toda a poboación aos servizos sociais”. Ademais, propón reformular o modelo do Servizo de Axuda no Fogar. No relativo á Sanidade di que “levamos trece anos de recortes, privatizacións, con precariedade no persoal médico e colocando á sanidade pública na situación límite que ten



neste momento”, así mesmo, explica que “unha das primeiras medidas a poñer en marcha é o Plan de Mellora da Atención Primaria, cunha partida de 200 millóns de euros para reforzar a porta de entrada á sanidade pública”. Segundo Olalla Rodil, “temos que cambiar o modelo actual por un no que as persoas sexan o centro, baseado en equipos de profesionais en número suficiente que poidan atender en condicións ás necesidades da veciñanza”.

Sobre o rural opina que “dar axilidade,

“Poñeremos a Lugo no mapa mellorando as infraestruturas”

dende a administración, a todos os expedientes relacionados co medio rural” así como “mellorar a dotación de infraestruturas e servizos con especial énfase nas zonas rurais máis afastadas”.

Tamén estableceu como prioridade “un plan de mobilidade no rural, con rutas e horarios suficientes para asis-

tencia prioritaria no ámbito da educación, sanidade e servizos sociais” e engadiu a necesidade da “recuperación de vivendas no rural e creación dun banco de vivendas, establecendo un marco de colaboración entre o IGV, os Grupos de Desenvolvemento Rural, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais”.

A candidata do BNG afirma que, a partir do 18 de febreiro, o BNG traballará para “crear oportunidades para impulsar economicamente tanto a cidade como a provincia de Lugo”, para o que “poñeremos a Lugo no mapa mellorando as infraestruturas e a conectividade, garantindo que non se perda nin unha soa oportunidade económica por falta de infraestruturas”.

Rodil indicou que para BNG é unha prioridade a cohesión social e a vertebración. “Para iso a mobilidade é unha cuestión fundamental. Lugo non pode ser a única cidade de Galiza que teña conexións ferroviarias do século pasado”.

O BNG traballará tamén na mellora das condicións laborais das traballadoras e traballadores, tamén en materia de conciliación, tendo en conta as necesidades nas contornas laborais. Sobre o I+D+i di propón un nivel de investimento que sitúe Galicia progresivamente no horizonte europeo e no que se refire á carreira investigadora, di que se inclúa a todo o persoal investigador e o persoal técnico e de xestión porque “sen técnicos e sen xestores de proxectos non hai ciencia”, apuntou Rodil. A terceira gran proposta do Bloque é un programa de retención, captación e retorno do talento “que sexa ambicioso e estable a través da creación do Innogal”, unha entidade similar ás que funcionan con éxito en Euskadi e Cataluña”.


O PROCESO ELECTORAL PARA ESCOLLER 75 PARLAMENTARIOS

O obxectivo é controlar os 38 escanos que dan a maioría absoluta

As eleccións ao Parlamento de Galicia reparten un total de 75 escanos, polo que o principal obxectivo de cada partido é lograr os 38 que dan a maioría absoluta e evitan os pactos, tanto para poder gobernar como para perder a presidencia.

Catro trazos definen as eleccións galegas. A primeira é que se fan listas por circunscrición provincial plurinominal. O sistema para o reparto de escanos é o D'Hondt, o mesmo que se utiliza nos diferentes comicios en toda España. Para lograr representación existe unha barreira, que é obter o 5% dos votos válidos (suma de votos da candidatura e votos en branco). Se non se obtén o escano eses votos irán para o partido máis votado.

A provincia de Lugo escollerá 14 parlamentarios, ao igual que Ourense



A última característica deste sistema é a lista electoral pechada e bloqueada cumprindo a proporción de dúas persoas de cada sexo por cada cinco postos. A lei electoral autonómica establece que a repartición dos 75 escanos entre as provincias realízase asegurando un mínimo de dez escanos por provincia e posteriormente repártense os escanos proporcionalmente á po-

boación. Esta repartición concede a Lugo e a Ourense 14 cada un, mentres que A Coruña lévase 25 e a Pontevedra correspóndelle outros 22.

Os diferentes partidos que concorreron ás eleccións elaboraron unha lista que require un mínimo de 14 candidatos pola provincia. A luguesa conta con dez candidaturas, que se repiten en todas as provincias, agás en Ourense,

onde tamén concorre Democracia Ourense, un partido de tendencia conservadora. Unha vez escollidos os parlamentarios, haberá que facer efectivo o nomeamento do presidente. Os candidatos que o desexen presentarán o seu candidato para dirixir o Goberno e procederase á votación. En primeira volta deberán obter unha maioría absoluta (38 votos).

UN TOTAL DE DEZ CANDIDATURAS NA PROVINCIA

Ademais do PP, BNG e PSOE preséntanse este ano outras sete listas electorais en Lugo

Os comicios galegos de 2024 contarán cun total de dez listas electorais pola provincia de Lugo. Repiten, por suposto, as tres máis votadas, o PP, BNG e PSOE, pero tamén configuráronse candidaturas para outras sete.

Así, haberá candidatos para outros tres partidos con representación tamén no Congreso dos Deputados. Entre estas destaca a de Sumar, que preside por Lugo José

Antonio Rodríguez Añón. Este partido, de vinculación á esquerda, está en coalición co partido de Pedro Sánchez no Goberno. Tamén presenta os seus candidatos Podemos, que nos comicios municipais, foron en coalición con Sumar. Preside a lista Ximena Cheda. A formación violeta non logrou aínda representación en Galicia.

Tamén VOX presenta a súa lista,

onde repite Sonia Teijeiro. Esta formación, que xa se presentou nas anteriores, non tivo ata o de agora representación. Os partidos independentes de Galicia Sempre e Compromiso por Galicia elaboraron a súa lista por Lugo (ECG) na que Castro López Gavín busca representación. Completan a oferta tres partidos minoritarios que aínda non tiveron apoio suficiente para lograr algún tipo de representación, o partido animalista PACMA, o PUM+J (Por un Mundo Más Justo) e Escanos en Branco, que ten un obxectivo de partido protesta e que loita polos escanos baleiros.

PACMA

- Consuelo Pereiro Fernández
- Omar Moruñño Real
- Irma Fitó Egea
- Patricia Fernández Virgós
- José Francisco Vázquez Brañas
- María Begoña Pais Riveiro
- Luis Miguel González Seijas
- Almudena Santos González
- Jésica Pasantes Vázquez
- Miguel Lago López
- María del Pilar Grandal Azpeitia
- Sandra María Souto Álvarez
- Alberto David Pérez Baldomir
- Sergio Villaverde Alfonso

Suplentes

- María Díaz-Rincón Tiessen
- José María González Martín
- Montserrat María García Valls

SUMAR

- José Antonio Rodríguez Añón
- Diego López Dapena
- María Teresa Rodríguez Chao
- José Manuel Díaz Grandío
- María Jesús Rodríguez Rodríguez
- María del Carmen López García
- Olga María López López
- Xoan Trigo González
- Nieves Pérez Rodríguez
- Noel Dopazo Vázquez
- María Isabel Sánchez Corral
- Roberto Vicente Yáñez Frieiro
- Guillermo Aijón Barreiro
- María Reyes Rodríguez Pérez

Suplentes

- Lucía Eres Rigueira
- Libertad Fraga Grueiro
- Xaquín López Gómez
- Manuel Lago Berdeal
- Isabel Fraga Grueiro

ESCANOS EN BRANCO

- Miriam Fernández Gómez
- César Fernández Viqueira
- María Irene Lamela Ocampo
- Javier Romay Fernández
- María del Mar Viso Fernández
- Jose Julio Fernández Sobrado
- Esperanza Rosalía Gómez López
- Jorge Pérez Polin
- Lara Abelleira Yañez
- Adrián Lage Blanco
- María Estrella García Pardo
- Pablo Lage Blanco
- Ana María Pérez Gay
- Juan Julio Carballeira Villares

PUM+J

- Roger Adolfo Calabuig Hernández
- Priscila Navarret Rodríguez
- Gerardo F. Castedo Balbuena
- María Teresa Bugallo Castiñeiras
- Manuel Pérez Castro
- María Nuria Villabona Río
- Juan Luis Fernández Rodríguez
- Leticia López Cancelo
- Manuel Alejandro Garrido Reboredo
- Rafael Veiga de Diego
- María Ángeles A. Sáenz Díez Cabello
- Gerardo Silva López
- Mª Mar Mtnez Lacaci Valderrábano
- José Manuel Real Fernández

VOX

- Sonia María Teijeiro Pérez
- Jorge Juan Núñez Díaz
- Noelia Rabanal González
- Miguel Ángel Rey Batan
- Félix Cienfuegos Rivas
- Ángel Francisco Lamela Fouz
- Elisa Victoria Navarro Álvarez
- Verónica Pena Gómez
- Verónica Arroyo López
- Rubén Graña Fernández
- Ramiro López López
- María José González Antolín
- Ana Belén Rego Sampedro
- Jacobo Gayoso Rodríguez

ECG

- Castor López Gavín (GS)
- Nuria Mera Balboa (GS)
- Pablo Corbelle González(GS)
- Tamara Simón Ferreiro(GS)
- Saul Sánchez Fraile
- Marta López Abeledo (GS)
- Manuel Martínez Rodríguez (GS)
- Carmen Río Mourín(GS)
- María Dolores Muñiz Cabanas (GS)
- Jordi Blengua Penedo
- Uxía Núñez Porto (GS)
- Xaime Manuel Requeixo Souto
- Jose Manuel Núñez Ferreiro (GS)
- Patricia Ferreiro Rodríguez (CxG)

Suplentes

- Ana María Pereiro Mourelo (GS)

PODEMOS

- Ximena Cheda Tuya
- Fernando Otero Bello
- Carla Varela Porto
- Francisco Farias Hernández
- Myriam del Carmen Lira Kornfeld
- José Luis Basulto Ruíz
- María Carmen Galvan González
- Aitor Aceiro Vales
- María Angeles Gayoso Fraga
- Carlos Castro Castro
- Sandra Graña Moreno
- Óscar López Corral
- Andrea Farias Asegurado
- Orencio Orosa García

Suplentes

- José Méndez Torres

A cidade contará con catro novas zonas de calmado do tráfico

O tenente alcalde e concelleiro de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo, anunciou a continuación do plan de calmado de tráfico na cidade con 4 novas intervencións. “Buscamos un tráfico calmado, aumentando a seguridade da veciñanza de toda a cidade”, afirmou Rubén Arroxo, que destacou “a importancia das actuacións de calmado de tráfico, comezando nas zonas escolares nun primeiro momento e que se expandiron a todas as zonas da cidade”.

Nesta intervención realizarase un novo paso de peóns elevado na Rolda das Fontiñas, á altura do número 29, no primeiro paso de peóns tras a rotonda de San Eufrasio. Ademais, construíranse tamén nas rúas Mazai-



ra, á altura do número 12, Curros Enríquez 11 e Afonso X o Sabio á altura da facultade de Ciencias.

Segundo o tenente alcalde, “o calmado do tráfico é unha das reclamacións que máis nos fan chegar as veciñas e veciños de Lugo”. Rubén

Arroxo afirmou que “desde a Tenencia de Alcaldía seguimos a traballar para que Lugo se converta nunha cidade na que as persoas sexan o centro da mobilidade, cun tráfico calmado e menos vehículos a motor nas rúas”.

O PP concéntrase na Deputación esixindo o arranxo das estradas

Máis de medio millar de persoas concentráronse diante da Deputación de Lugo para esixir ao presidente provincial, José Tomé, o arranxo das estradas provinciais nos 67 concellos da provincia debido “ao perigo que supón circular por elas despois de anos de abandono no seu mantemento”.

O voceiro provincial, Antonio Ameijide, quixo dar as grazas “aos máis de 500 veciños da provincia que se concentraron para dicirle alto e claro a José Tomé que ten abandonadas as estradas dos 67 concellos da provincia, xa que non só se trata dunha molestia constante e de avarías nos



vehículos, se non que se trata dun perigo real para os condutores”.

Ameijide recorda que “é unha irresponsabilidade” ter a rede viaria provincial “abandonada” xa que ten a obriga de preocuparse pola situación

das estradas provinciais “en lugar de destinar os fondos da Deputación a pagar as carreiras políticas do PSOE e do BNG mentres todo sufrimos a nefasta situación que amosan todas as estradas provinciais”.

Podemos Lugo insta ao Concello a axilizar a obra da Protectora

Ximena Cheda, voceira da agrupación de Podemos Lugo reclama ao Concello que “asuma as súas competencias no referente as dotacións para que a Protectora de Animais e Prantas desenvolva a súa actividade en condicións axeitadas”.

A obra ten un prazo de execución de 18 meses. “Traducido en tempo, e sendo optimistas, en non menos de tres anos non haberá novas instalacións para a Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Lugo, que alberga a día de hoxe a máis de douscentos animais en condicións inasumibles de benestar animal”, engade.

Para acertar seguro con tu regalo de San Valentín

Librería Troll

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Síguenos en

Auxilia esixe a posta en marcha do montacargas de Sindicatos



Lugo prepárase para unha nova sesión electoral, no mes de febreiro, e o montacargas do edificio sindical segue sen arranxarse e cheo de lixo. Así o denunciou unha vez máis a delegada de Auxilia Lugo, Nuria Neira, que acusa de discriminación para coas persoas sen mobilidade. Non é a primeira vez que se realiza esta denuncia, que impide o acceso das persoas con mobilidade reducida ao edificio para realizar calquera xestión.

Cando se fixo a obra para facer accesible o edificio, estableceuse que o montacargas funcionaría con chave, que tiña o porteiro do edificio, ao que se chamaba cun timbre. Uns anos despois desapareceu a figura do porteiro e ninguén se ocupou desta función polo que o ascensor deixou de funcionar. Durante as últimas eleccións volveu xurdir esta problemática cando tiveron que baixar as urnas á rúa para que as persoas con mobilidade reducida puideran exercer o dereito ao voto. “Agora atopámonos con que esta situación vaise producir de novo xa que haberá eleccións

en breve e o problema persiste”, indica Nuria Neira.

Insiste en que este problema non é só para votar, “o peor é que se teñen que realizar algunha xestión no edificio, teñen que baixar da oficina a atendelos na rúa, un trato totalmente discriminatorio, xa que ninguén ten que escoitar o que necesitas tratar por non falar do feito de ser atendido na rúa”.

Recalca a representante de Auxilia que xa se enviou en agosto unha carta ao Ministerio de Economía, que é o propietario do edificio, quen asegurou en resposta automática que o problema se solucionaríase á maior brevidade, “a así estamos aínda”, di.

Desde Auxilia lembran que ao no poñer en marcha este acceso, estase a incumplir o Real Decreto que obriga a que todos os edificios públicos sexan accesibles.

A queixa tamén é porque está cheo de lixo, “pero claro, iso é máis un problema de civismo da veciñanza, e entendemos que non é culpa súa pero si se puidera usar manteríase tamén en mellor estado”, afirma.

Hacemos tu encargo personalizado para San Valentín

FLORISTERÍA ROSE FLOR

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO

O Concello instalou 1.291 novos puntos de alumado LED en 2023

O responsable da área de Infraestruturas do Concello de Lugo, Alexandre Penas, informou sobre os avances na renovación das redes de alumado público das rúas da cidade de Lugo. O concelleiro explicou que, no pasado ano 2023, foron 82 as rúas nas que se actualizaron as luminarias, "cunha instalación de máis de 1291 puntos LED que potencian a baixada de consumo e fomentan a eficiencia", aclarou Penas.

"A estas 82 rúas xa renovadas, sumaranse no próximo período outras 30 nas que xa estamos comezando a traballar", explicou o concelleiro de Infraestruturas. Entre esas novas, Alexandre Penas quixo nomear, entre outras, as rúas San Xillao, Orquídea, Mestre Méndez ou Venancio Senra.

Penas insistiu en que, dende a chegada ao Goberno do concello de Lugo "continuamos a traballar na redución do gasto público ao tempo que a veciñanza de Lugo pode desfrutar dun alumado eficiente",

o que pasa por aumentar cada ano o presuposto orzamentario destinado á actualización das luminarias, que dende o 2021 pasaron de 16.089 puntos de luz aos 16.914 totais a finais do pasado ano.

Penas lembrou que a Concellería de Infraestruturas investiu, nos últimos anos, máis de 3 millóns de euros na renovación do alumado público, instalando luminarias de baixo consumo e aplicando a perspectiva de xénero. O concelleiro insistiu en que eses non son os únicos criterios que se teñen en conta, xa que tamén inflúen outros fundamentais como "recuperar, no posible, luminarias existentes adaptándoas ás novas tecnoloxías para poder reutilizalas e reducir residuos e custos de implantación, renovar tamén o resto de elementos eléctricos como caixas, condutores ou fusibles que diminúan as avarías, e reducir toda aquela luz intrusa ou que poida chegar a xerar molestias entre a veciñanza", indicou Penas.



Solicitan a renovación do alumado en Flor de Malva e Xermán Alonso

A Asociación Veciñanza María Balteira e a Federación de AA.VV. de Lugo Lucus Augusti solicita á Concellería de Vías e Obras do Concello de Lugo, "por ser a Administración con competencia directa nesta materia", que proceda á mellora necesaria e urxente da iluminación pública en cálea Flor de Malva do barrio da Piringalla, rúa moi poboada e por tanto moi transitada.

Segundo explican as luminarias existentes ao longo da rúa están completamente obsoletas, ademais de ser altamente contaminantes e de

elevado consumo e escasa potencia lumínica. Por todo isto, solicitan que cos orzamentos do ano 2024 se realice unha reforma integral da iluminación de dita rúa Flor de Malva. Tamén manifestaron una situación similar os veciños de Xermán Alonso e a súa contorna, que afirman que teñen unha iluminación na súa rúa moi deficiente. "Unha iluminación que minimamente se mantén polos establecementos comerciais", din. Reclaman que renove o alumado por outro máis intenso, máis moderna e con menos contaminación.

A praza de Santo Domingo manterá a configuración actual

Paula Alvarellos, mantivo a súa primeira reunión de traballo coa Asociación de Veciños Centro de Lugo na que informou do avance das obras de peonalización. A rexedora, acompañada por técnicos municipais, trasladou aos veciños e veciñas que se manterá a actual configuración de Santo Domingo, xa que o estudo de carga encargado polo Concello non ve recomendable que o tráfico circule pola outra marxe da praza, fronte ao convento de San Domingos. "Isto fai posible que, no novo deseño que se realice agora tendo en conta ese aspecto, poida manterse a actual configuración de zonas verdes e conservarse o arboredo existente neste punto, ao que se suman outros pequenos espazos axardinados de nova creación previstos no proxecto", sinalou a alcaldesa. Ademais, Alvarellos Fondo tivo en conta a demanda do colectivo e conservará a fonte situada nas inmediacións.

En relación á regulación do tráfico dentro de murallas, a rexedora adiantou aos representantes veciñais que nos próximos días publicárase un bando lembrando as limitacións de circulación, o peso máximo de vehículos autorizados (5.500 quilos), así como o horario e as zonas habilitadas para a carga e descarga (Santo Domingo, Armanyá, Soidade, Pío XII e Campo Castelo, así como rúas Nova, Luís Peña Novo, Fernando Casas Novoa e Tinería. Desde as 7 horas ás 11 horas e de 15.30 a 17.30 horas, en quenda de tarde). Neste sentido, Alvarellos destacou que se porá en marcha un dispositivo especial de vixilancia por parte da Policía local para controlar que esta normativa cúmprese, o que non exige que en casos extraordinarios, e cos permisos oportunos, poidan acceder



vehículos de maior envergadura con encomendas especiais.

De forma paralela, o Concello iniciará nas próximas semanas unha fase de probas do sistema de control de acceso que terá unha duración de 6 meses, co obxectivo de que estea 100 % operativo unha vez concluídas as obras. Para iso, e coa intención de causar o menor trastorno posible aos veciños e veciñas, o Concello empregará os datos xa existente nas bases municipais para cursar, de oficio, unha carta a todos as persoas residentes con vehículos ao seu nome. Ademais prevese establecer dous puntos de atención presencial, tanto na Oficina de Mobilidade de San Fiz como no Edificio de Novas Tecnoloxías, para que as e os residentes poidan confirmar ou modificar eses datos e realizar as consultas que consideren oportunas en relación ao sistema de acceso. Así mesmo, estes dous puntos administrativos servirán tamén para canalizar as solicitudes dos novos usuarios e usuarias e así incorporar os seus datos a ese censo.

OS TRABALLOS ACTUAIS. Continúan avanzado as obras de peonalización

de Santo Domingo. Nesta nova etapa dos traballos actuarase na contorna do monumento ao Bimilenario e na zona central da praza de Santo Domingo, fronte ao Convento das Agustinas. Para iso, habilitaranse pasos peonís para transitar pola vía, cruzar e acceder a cada portal ou negocio afectado polos traballos.

A ordenación de tráfico non varía de forma substancial con respecto ao esquema actual. Os vehículos seguirán accedendo ao Centro Histórico por Rúa Teatro e continuarán itinerario por San Marcos.

Do mesmo xeito, para acceder á zona da Praza de Abastos e Armanyá, os vehículos farano polo carril que xa hai habilitado actualmente e que está regulado por semáforos de obra. O itinerario de saída desde esta rúa e a zona da praza de Abastos canalizarase no seu último treito pola zona de Santo Domingo máis próxima a San Marcos, que funcionara agora como vía de dobre sentido, xa que a marxe contraria quedará cercada polas obras.

Esta modificación implica o traslado da parada de taxis a Bolaño Rivadeneira, nas inmediacións de San Marcos e a Praza de Ferrol.

O PP considera un dispendio de cartos a obra do muro de Cidade de Viveiro

O PP di que o retraso da execución da obra do muro de Cidade de Viveiro custou aos lucenses, en 2023, 202.162,41 euros. A concelleira Mar Carballas apunta que "é urxente axilizar esta intervención para evitar máis gastos innecesarios froito do incumprimento dun compromiso do goberno local".

A popular considera un despropósito que se estean pagando 3.000 euros todos os meses a unha empresa polo alugueiro do apuntalamiento. Afirma que os cidadáns merecen unha explicación "clara e transparente sobre este desvío de fondos e a falta de execución".

A Deputación adxudica os hortos urbanos do Rato

A Deputación de Lugo adxudicou este luns os 27 hortos urbanos que tiña dispoñibles no Paseo do Río Rato a través dun sorteo celebrado no Salón de Actos do Pazo de San Marcos. Desta forma, a institución provincial ten asignadas a totalidade das 150 parcelas públicas que pon a disposición da cidadanía gratuitamente nesta contorna para fomentar o lecer saudable e a agricultura ecolóxica.

Nesta quinta fase de adxudicación, os hortos –de 30 metros cadrados cada un– foron concedidos mediante sorteo ás persoas físicas ou asociacións de Lugo e de concellos

límtrofes que presentaron a súa solicitude. Entre os requisitos necesarios para optar a estas parcelas, os usuarios non poden convivir con beneficiarios doutros hortos ou posuír terreos con potencialidade de ser cultivados.

As persoas ou entidades que resultaron beneficiadas poderán facer uso dos hortos de maneira gratuíta por un período de dous anos, con posibilidade de prórroga ata un máximo de catro anos. Durante ese tempo, contarán cun servizo de mantemento e de asesoría que a Deputación lles pon a disposición de balde.

Penas planifica no barrio da Ponte os traballos dos vindeiros meses

O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, visitou o barrio da Ponte xunto con persoal técnico da concellería para planificar os traballos a executar pola concellería nos vindeiros meses.

Penas explicou que “realizamos ao longo do ano visitas ás diferentes zonas da cidade para poder coñecer de primeira man as necesidades da veciñanza e poder organizar os recursos da concellería do mellor xeito posible”.

Alexandre Penas destacou “o esforzo” que a concellería de Infraestruturas realizou nos últimos anos para atender ás distintas zonas periurbanas de Lugo, e explicou que “barrios como as Gándaras ou galegos recibiron nestes anos unha serie de investimentos importantes que mellora-



ron enormemente a calidade de vida da veciñanza, con actuacións tanto nas rúas e beirarrúas como renovando o alumbeado público”.

O edil de Infraestruturas animou ás veciñas e veciños de Lugo a fa-

cer chegar as súas reclamacións ao Concello, e destacou que estas reclamacións, “xunto coas visitas que realizamos periodicamente aos barrios, permítenos planificar mellor as prioridades e o traballo a realizar”.

O Concello pon a disposición de ADIF os terreos para a intermodal

A alcaldesa, Paula Alvarellos, anunciou que o Concello xa puxo ao disposición de ADIF os terreos de titularidade municipal necesarios para executar o proxecto da nova estación intermodal Lucense. Trátase de dúas parcelas, unha de 200,19 e outra de 464,60 metros cadrados, que se atopan nas inmediacións da actual estación de tren e que resultan imprescindibles para acometer a completa reurbanización da contorna que vai aparelada á construción desta nova infraestrutura.

“Con esta cesión reafirmamos o noso firme compromiso por este proxecto, polo que desde o Goberno local vense loitando con insistencia. A nova intermodal está chamada a transformar a nosa competitividade territorial ao conectar Lugo coa alta velocidade”. Segundo Alvarellos, a súa disposición pasa por unha “total colaboración co resto de administracións implicadas. Estamos convencidos de que a mellora das nosas comunicacións é un factor determinante para poder expandir o noso tecido produtivo e fixar poboación”. O desenvolvemento da área intermodal inclúe a construción dun novo paso inferior peonil entre o centro urbano e o parque do Sagrado Corazón, que conectará ambos os lados da canle ferroviaria. O orzamento desta intervención ascende a 11,6 millóns de euros e será financiado nun 60 % por ADIF e nun 40 % polo Concello. “Esta colaboración entre o Concello e o ente Administrador de Infraestruturas posibilitará transformar esta contorna permitíndonos comunicar os barrios de Paradai e Sagrado Corazón, rompendo así co



illamento ao que o actual trazado da vía somete historicamente a estas dúas zonas residenciais da nosa cidade”, proseguíu a rexedora.

Ademais, este mércores a alcaldesa asistiu á primeira reunión da comisión de seguimento constituída para o desenvolvemento desta dotación, na que tamén participaron o interventor municipal e a responsable de servizo de Arquitectura así como técnicos de ADIF e da Xunta. Durante o encontro, acordouse a creación posterior de varias subcomisións técnicas para coordinar o desenvolvemento das obras.

“A comisión serviu ademais para que as tres administracións puidésemos visualizar en conxunto o proxecto definitivo no que, estamos moi satisfeitos, tivéronse en conta as recomendacións e criterios trasladados polo Servizo de Arquitectura municipal en canto ao urbanismo sostible e de xénero, inspirados na estratexia Life, de maneira que alí onde foi posible utilizouse a madeira como elemento estrutural dándolle continuidade ao noso proxecto de cidade”, concluíu Alvarellos.

O PP insta ao Concello a que conteste á Xunta sobre o Plan Paradai

O Partido Popular, que mantivo unha reunión de traballo coas asociacións veciñais coa Asociación de Gatos Roxos, Paradai e Polvorín San Xosé, coincidiu con elas en que “se debe traballar co máximo rigor, transparencia e consenso entre as administracións implicadas para rematar cando antes esta intervención transformadora do barrio”.

Así, o PP insta ao Goberno local a que conteste o requerimento da Xunta para avanzar no Plan Paradai, xa que os populares entenden que a publicación no BOE dunha segunda adenda ao convenio entre Concello e CHMS certifica que o 2023 “foi outro ano perdido para impulsar esta infraestrutura”. Na tramitación desta obra “hai unha clara falta de xestión e ineficacia por parte do goberno local” aclarando que “tamén se falta á verdade” como se confirma nas respostas Paula Alvarellos”.

O Concello eliminará tres tapóns urbanísticos



A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, anunciou esta mañá que o Goberno local abordará a eliminación de tres tapóns urbanísticos na cidade ao longo deste 2024. Así, a rexedora e responsable de Urbanismo concretou o compromiso anunciado anteriormente e xa previsto nos Orzamentos para este exercicio. En concreto, as actuacións levaranse a cabo na rúa Camiño de Pipín, rúa Mazaira con Juana la Loca, e avenida da Coruña. “A erradicación destes puntos de discontinuidade na trama urbana supoñerán unha importante mellora da seguridade viaria e contribuirán a axilizar o tráfico rodado nas zonas de actuación. Así mesmo, achegaremos racionalidade ao trazado urbano mellorando o uso destes espazos públicos”, sinalou Alvarellos.

A primeira das actuacións programadas polo Executivo local executarase na rúa Camiño de Pipín, onde dúas edificacións rompen a continuidade do trazado viario. Neste punto, prevese eliminar estas dúas construcións axustándose ás aliñacións do PXOM, o que permitirá incrementar a seguridade dos peóns, mellorar a accesibilidade e dinamizar o fluxo de vehículos por este punto ao gañar moita visibilidade na zona de tránsito”, apuntou a alcaldesa. Pola súa banda, na confluencia da rúa Mazaira con Juana la Loca, levarase a cabo unha actuación encamiñada a eliminar o estre-

tamento que existe nesta vía de dobre sentido.

“A eliminación dos tapóns urbanísticos son procesos longos e complexos que poden acometerse por vías diferentes: expropiación, convenio ou permuta. Nestes dous casos concretos implican tres procedementos diferentes. Por unha banda, é necesario acometer unha expropiación, cuxo marco temporal depende do número de propietarios afectados e da súa localización para facer efectiva a notificación. Posteriormente, é necesario elaborar un proxecto de demolición e outro de urbanización, ambos cos seus tempos administrativos regrados en canto ao proceso de licitación e adxudicación se refire”, explicou Alvarellos.

“O obxectivo do Goberno local é eliminar progresivamente os tapóns urbanísticos e para iso comezamos polos de Camiño de Pipín e rúa Mazaira con Juana la Loca, cuxa abordaxe se contempla xa ben nos orzamentos deste ano, ben nas encomendas de Evislusa, que é quen se encargará dos proxectos de expropiación”, proseguíu a rexedora. Ademais destas dúas actuacións, que seguirán o proceso habitual, a alcaldesa e responsable de Urbanismo ten canalizado un acordo para a eliminación dun terceiro tapón urbanístico na avenida da Coruña. Este proxecto abordarase a través dunha permuta que simplificará o proceso.

VISITA DE PEDRO SÁNCHEZ



A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, recibiu ao presidente do Goberno, Pedro Sánchez, nunha recepción que tivo lugar no edificio Impulso Verde. Tras o saúdo institucional, ambos participaron nunha visita polo inmoble onde os responsables do proxecto explicaron as particularidades da construción e a súa capacidade para reducir emisións.

AO NOSO CARÓN

Denegan o permiso ao parque eólico previsto entre Guntín, Monterroso e Portomarín

A Consellería de Economía, Industria e Innovación denegou a solicitude de autorización administrativa e construción do parque eólico Ligonde-San Simón, que estaba proxectado entre os municipios lucenses de Guntín, Monterroso e Portomarín.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta resolución pola que se arquiva o expediente despois de que este parque non superase o trámite ambiental a comezos de 2023.

Este parque eólico estaba impulsado por Enel Green Power España, que aceptou o acordo notificado. Así, cancelouse a garantía depositada pola empresa de 576.000 euros.

A resolución, con data de 20 de decembro de 2023, está asinada polo director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Pablo Fernández Vila.

Presentada a etapa do Gran Camiño que pasa por Lugo

O vicepresidente da Deputación de Lugo e deputado de Deportes Efrén Castro participou esta tarde na presentación do percorrido da volta ciclista profesional O Gran Camiño que, por terceiro ano consecutivo, traerá á provincia de Lugo os mellores equipos e ciclistas internacionais, co patrocinio da área de Deportes. No acto, celebrado no Auditorio Fontán, en Compostela, desvelouse o percorrido completo da etapa lucense, a segunda da volta, que se disputará o 23 de febreiro e que pasará por oito concellos. Taboada -saída da etapa-, Monterroso, Palas de Rei, Guntín, Portomarín, Paradela, O Saviñao e Chantada -chegada- completan o itinerario lucense da proba, que concede especial protagonismo ás ribeiras do Miño.

Efrén Castro sinalou que “desde a primeira edición, O Gran Camiño situou as comarcas de Lugo como escenario do mellor ciclismo internacional, o que supón unha plataforma inmejorable para a proxección do territorio ao chegar a pantallas de todo o mundo” e valorou “que nesta terceira edición, o itinerario teña como referencia o Miño, un dos elementos xeográficos máis emblemáticos de Galiza, e contribúa

O GES de Friol realizou casi 800 intervencións

Friol é o concello sede de operacións do GES (Grupo de Emerxencias Supramunicipal) de Friol-Palas. Esta sede está situada no polígono industrial friolés, nunha das naves do edificio multiusos de propiedade municipal. Este grupo, que está formado por 11 profesionais, dá cobertura a este municipio e aos de Begonte, Guitiriz, Palas de Rei e Outeiro de Rei.

Este GES empezou a funcionar no verán do ano 2022 e está supervisado e organizado no seu día a día polo concelleiro de Friol Enrique Barreiro.

Este é un servizo moi importante para os concellos que forman parte del e por iso conta cun financiamento por parte da Xunta de Galicia de case 300.000 euros anuais.

Os profesionais que conforman este grupo de emerxencias tiveron que realizar arredor de 800 intervencións en todos os concellos que forman parte del desde que se puxo en marcha, e durante o acabado de rematar

ano 2023 actuaron nun total de 525 casos.

Na diferenciación por concellos, cabe salientar que no de Friol realizaron un total de 149 intervencións, distribuídas do seguinte xeito: oito saídas para intervir en accidentes, cincuenta e tres saídas relacionadas con fenómenos meteorolóxicos, vinte e oito intervencións relacionadas coa fauna, corenta saídas por culpa das velutinas, oito incendios, unha saída realizada polo grupo para seguir coa busca de Jose Luis, e tamén once saídas de outros tipos.

En Palas de Rei tiveron que intervir en 53 ocasións, e foron saídas relacionadas con accidentes, fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios, verteduras, persoas desaparecidas e outros.

No concello de Guitiriz realizaron un total de 87 intervencións, entre actuacións relacionadas con accidentes, fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios, verteduras e outros.



Máis intervencións realizaron en Outeiro de Rei, con un total de 107 saídas, en actuacións que tiveron que ver con accidentes, fenómenos meteorolóxicos, fauna, persoas desaparecidas, velutinas, incendios e outros.

Algo máis actuaron no concello de Begonte, no que realizaron un total de 118 intervencións, entre actuacións relacionadas con accidentes, fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios e outros.

Os tipos de actuacións nos que máis tiveron que intervir durante o pasado 2023 foron as relacionadas con fenómenos meteorolóxicos e con velutinas.

Para levar a cabo todas estas actuacións, case 525 en total, o GES conta

con unha carroceta urbana, equipos de eliminación de velutinas, equipos de excarcelación e outros equipos necesarios para realizar o seu traballo cada día, do mellor xeito posible.

O popular Jose Ángel Santos, alcalde de Friol, di que “este servizo é moi necesario para o noso concello e para todos os que estamos dentro do GES de Friol-Palas, xa que vimos en todo este tempo no que leva funcionando, que é un servizo que axuda a reducir moito os tempos de intervención en caso de emerxencias”, ademais quere agradecer “á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Xunta de Galicia, que nos permitira poder contar coa sede de este servizo en Friol”.

O Sergas adxudica prazas de médicos en once centros de saúde

O Servizo Galego de Saúde vén de publicar na súa páxina web a relación de persoas adxudicatarias en primeira rolda do concurso de méritos convocado para prazas de categoría de facultativo especialista en atención primaria.

Esta relación foi xa remitida para a súa publicación oficial no Diario Oficial de Galicia nos vindeiros días. Desde esa publicación oficial abríase un prazo dun mes para que as persoas adxudicatarias podan tomar posesión das súas novas prazas.

Deste xeito, darase cobertura estable a 65 prazas de atención primaria de difícil cobertura que, ou ben se atopaban vacantes ou estaban cubertas por persoal interino e que non foran elixidas nos últimos procesos de concurso de traslados ou ofertas de emprego público.

Na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos es prazas corresponden a Baralla, Burela, Castro de Rei (Castro Ribeiras de Lea), Guntín, Meira, Monforte de Lemos, O Vicedo, Pedrafita do Ce-

breiro, Sarria, Viveiro e Xermade. Tamén na área sanitaria de Ferrol atópase beneficiado As Pontes.

Desta forma, nas próximas semanas incorporaranse 65 profesionais de medicina familiar e comunitaria a estes centros de saúde. Proximamente, publicarase a resolución de puntuación e adxudicación provisional dos concursos de méritos convocados para as prazas de pediatría de atención primaria e de hospitais comarcais, consideradas tamén de difícil cobertura.

Estas adxudicacións prodúcense trala publicación no Diario Oficial de Galicia, o pasado 15 de decembro, da resolución pola que se fixo público o acordo do tribunal que xulga o proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal estatutario fixo da categoría de facultativo especialista de atención primaria, relativo á baremación definitiva dos méritos do concurso, á publicación dos aspirantes seleccionados e pola que se convoca para o acto de elección de destino.



Completan os labores preventivos de incendios entre Lugo e Sarria

A Xunta vén de rematar traballos de prevención no Distrito Forestal IX Lugo-Sarria. As actuacións consistiron na apertura de devasas, así como na roza da caixa e marxe das pistas forestais localizadas nos concellos de Antas de Ulla, Guntín, Portomarín, Monterroso e Friol.

Neste sentido, os traballos realizados supuxeron a roza dun total de 434,05 hectáreas, co fin de establecer infraestruturas preventivas máis resilientes fronte a posibles

incendios forestais. Este tipo de actuacións son fundamentais, xa que permite implementar a eficiencia na extinción dos lumes. Así, en caso de incendio, reduciranse de xeito importante os tempos de reacción do persoal e os medios de extinción.

Este tipo de traballos continuarán ao longo de 2024 en distintas parroquias do concello de Lugo, co fin de anticiparse aos incendios forestais e facilitar o traballo do servizo.

castro de rei

Abeijón destaca o traballo das sedes de Fudace e Cruz Vermella

A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, destacou a importancia de traballar conxuntamente coas entidades de iniciativa social para seguir avanzando na mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade e para reforzar o apoio ás familias. Díxoo durante a visita aos centros residenciais e de atención diúrna da Fundación de Dano Cerebral (Fudace) e Cruz Vermella en Castro de Rei, onde puxo en valor as atención e cuidados que se prestan nestas instalacións. En este sentido, Begoña Abeijón asegurou que estes centros son un referente en Galicia.



A Oficina Rural en Castro Ribeiras de Lea remata as obras de mellora

A oficina rural de Castro Ribeiras de Lea, no concello lucense de Castro de Rei, vén de rematar o proceso de acondicionamento das súas instalacións a través dunha actuación promovida pola Consellería do Medio Rural, para a que se realizou un investimento de 135.559,43 euros.

As actuacións realizadas incluíron o acondicionamento interior e a realización de traballos de pintura, renovación da carpintería exterior e mobiliario para o persoal laboral, ademais da construción dun peche acristalado.

O obxectivo desta actuación, incluída no Plan de Infraestruturas da Consellería do Medio Rural, é ofrecer unha mellor atención á cidadanía e aos traballadores da propia oficina. Nela, préstanse atención xeral á cidadanía nas materias da súa competencia, ademais de servizos agrarios e veterinarios.



EN BRVE

RODAXE. A cabeza de lista do BNG por Lugo, Olalla Rodil, visitou no Círculo das Artes a rodaxe de *Prefiro condenarme*, o novo filme de Margarita Ledo que se está a rodar en diferentes lugares da provincia nestes días. Rodil destacou o apoio do BNG á cultura galega, “especialmente ás creadoras e creadores no sector audiovisual, un sector que colleita premios dentro e fora de Galiza”. Segundo Rodil, o papel dos medios públicos debe ser “unha ferramenta” que garanta o dereito de todas as galegas e galegos para acceder ás producións culturais feitas na Galicia”.

Outeiro de Rei convoca de novo o concurso de disfraces de Entroido

Un ano máis, con motivo do Entroido 2020, o Concello de Outeiro de Rei organiza por XXV edición do concurso de disfraces. A cita terá lugar o día 11 de febreiro (domingo de Entroido) a partir das 17.00 da tarde na praza da Vila, baixo carpa cuberta e amenizado polo grupo D'NIKA.

O prazo para anotarse permanecerá aberto do 29 de xaneiro ao 9 de febreiro na casa da cultura de 10.00 a 14.30 horas ou ben o mesmo día de 17.00 a 17.45.

Xa están a disposición de todas as persoas interesadas as bases do concurso así como as follas de ins-

crución e información do mesmo, na paxina web do Concello.

A contía dos premios ascende a 2.080 euros. Premiarase ás tres mellores comparsas con 500, 300 e 200 euros. Os premios por parellas serán de 200 e 120 euros e en individual 150 e 100 euros, o mesmo que recibirán os dous mellores disfraces da categoría infantil.

Finalmente haberá tres premios especiais. Haberá un premio para comparsas de Outeiro de Rei, que ascende a 150 euros, e premios especiais do xurado de 90, 50 e 30 euros para outorgar a elección do xurado.

Val de Francos presenta o contido do Entroido

A comisión de festas do Antroido Val de Francos presentou o cartel das festas deste ano, unha cita ancestral na que participan as parroquias de Ansemar, Balmonte e Goberno, en Castro de Rei.

Será como todos os anos no Campo do Carril o martes 13 de febreiro a partir das 17.00 horas, cando os Valuros abran coa súa actuación o programa. Tamén estarán a orquestra Saudade de Vigo no apartado musical.

A comisión avanzou que queimárase de novo o Antroido que non faltarán os actos tradicionais do programa como a chegada do Antroido ao Campo de Carril, a lectura do pregón, a sesión pirotécnica e sorteo de agasallos.

FESTAS INFANTÍS. O Concello ten previsto, como todos os anos, actividades para a rapazada durante estas celebracións de Entroido. Así, os pequenos terán o domingo 11 en Castro Ribeiras de Lea e o luns 12 en Castro de Rei as respectivas festas infantís con concurso de disfraces, merenda de Entroido, maquillaxe infantil, música, animación e bolsa de larpeiradas.

Estas celebracións, nas que haberá premios para as mellores parellas e grupos, ademais dos disfraces individuais mellor traballados, serán de 16.00 a 19.00



horas, na casa da cultura e no centro sociocultural Xosé Manuel Carballo, respectivamente.

Estas festas están abertas á rapazada entre os 0 e os 14 anos.

Para participar nesta actividade gratuíta será necesario entregar a correspondente ficha oficial nas oficinas do Concello antes do 6 de febreiro.

CULDECASTRO. O colectivo CuldeCastro anunciou que este ano no celebrará a festa de Entroido para adultos en Castro Ribeiras de Lea tal e como se viña facendo en edicións anteriores. O Concello, pola súa banda, anunciou que co Entroido de Val de Francos e as festas infantís xa se cubre o programa festivo

outeiro de rei

O BNG leva ao alcalde ante a Valedora do Pobo

O Grupo de Outeiro de Rei presentou, en tempo e forma, un total de dúas mocións para defender no Pleno do pasado 28 de decembro: unha sobre a creación dun CIM na localidade e outra cun paquete de medidas de fomento da lingua galega.

Segundo explica o BNG, na Comisión previa ao Pleno, o alcalde de Outeiro de Rei decidiu “unilateralmente” que só unha delas sería informada e pasaría ao Pleno; “nun criterio arbitrario xa mantido noutras ocasións”. Así, no Pleno, só a moción dos CIM puido ser debatida, aprobándose por unanimidade.

Durante o Pleno, o BNG solicitou debater sobre a vía de urxencia, para poder incluír a segunda moción, “mais o alcalde negou sequera esta

posibilidade, retirando a palabra ao Grupo do BNG”, explican. Xa anteriormente o alcalde fora advertido da ilegalidade da súa actuación.

Como explican, xa no mes de outubro, o alcalde de Outeiro de Rei impedira o debate dunha moción do BNG, baixo o pretexto de que non se trataba dun asunto de competencia do Pleno. Esta prohibición valeulle o apercibimento da Valedora do Pobo, que o reprende pola súa actitude, e instou ao Goberno Local a aprobar un Regulamento das sesións.

“A data da presente este Regulamento non só non foi aprobado, senón que o Concello de Outeiro de Rei nin sequera informou á Valedora ao respecto, como esta demandaba na súa comunicación”, di o BNG.

O Concello sufraga as clases de natación



O alumnado de 1º e 2º de primaria do colexio público de Friol poderán desfrutar da iniciación á natación grazas a colaboración entre o Concello de Friol, o Club Fluvial de Lugo e o centro educativo do pobo

Durante este segundo trimestre, o alumnado de 1º e 2º de educación primaria do C.P.I. Doutor López Suárez de Friol, poderán ir ao Club Fluvial de Lugo a recibir clases de natación.

Esta actividade levarase a cabo en horario escolar, un día á semana e contarán con monitores especializados que iniciarán os nenos e nenas nunha disciplina fundamental para a súa formación.

Os grupos irán ata as instalacións en bus e acompañados dos titores

de cada curso.

O Concello de Friol é o encargado de asumir os custos do bus e tamén das clases de natación impartidas durante este trimestre, polo que será unha actividade completamente gratuita para todas as familias participantes.

O colexio público aposta firmemente polo deporte como un método máis de educación, e en este caso optouse pola disciplina da natación.

O alcalde José Ángel Santos destacou a importancia de esta iniciativa “para seguir de este xeito na liña de impulsar o deporte entre os mais novos, sempre contando coa axuda inestimable da directiva e profesorado do centro escolar público de Friol”.

Friol demandará a Tomé por atender contra a seguridade vial

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, tacha de “sectario e sen escrúpulos políticos” a José Tomé, ao cal o fai único responsable “do estado lamentable e deplorable da rede viaria provincial, o que supón unha ameaza constante e diaria para a seguridade persoal de quen circule por ditas vías”.

Actualmente a Deputación de Lugo conta cuns 125 km de estradas no municipio de Friol, e como indica o alcalde “como mínimo uns 80 km supoñen un perigo e un risco para calquera persoa que circule polos mesmos, debido ao abandono do bigoberno de PSOE e BNG”, algo que desde o Concello de Friol “non estamos dispostos a consentir”.

Precisamente tamén os veciños se manifestaron estes días nalgunhas de esas vías provinciais, concretamente na LU-P 1611, o cinto comarcal que ao seu paso polo municipio de Friol une os de Begonte con Friol e Guntín, sumando uns 18 km “dos cales a maioría están intransitables”. Amosaron o estado da LU-P 2106, que une a capitalidade coas parroquias de Narla e Lamas, o mesmo sucede coa LU-P 2405 ao seu paso polo núcleo de As Pardellas. Tamén mostraron o seu malestar co estado do pavimento da LU-P 2121, a mesma que enlaza o cinto comarcal coa parroquia de Cotá así como a LU-P 2110 ao seu paso por Ramelle e



A Rocha e a LU-P 2102 e 2119 que enlazan desde a estrada de Parga ás parroquias de Nodar, Anafreita e Silvela.

Os veciños demandan que a Deputación de Lugo dunha maneira urxente execute as obras de mantemento e rexeneración do pavimento en todas estas vías de comunicación no municipio de Friol e exixen de inmediato que se execute un plan de mellora nas estradas que a Deputación de Lugo posúe no municipio de Friol.

O alcalde considera que “o menosprezo que o presidente da Deputación de Lugo ten con Friol e os seus veciños non se pode tolerar, durante estes últimos catro anos e medio que o Sr. Tomé preside o ente provincial non investiu nin un solo céntimo no mantemento e mellora de estas vías de comunicación, ese fa-

natismo que o Sr. Tomé ten con Friol, está levando ao abandono total das estradas provinciais e a poñer en risco a integridade física das persoas que circulamos diariamente por esas vías, un perigo extremo de seguridade, que o alcalde non está disposto a permitir”.

Afirma que practicamente en todas esas estradas se produciron avarías e incluso saídas de vía de vehículos, e que a Dirección Xeral de Tráfico pode confirmalo, “dado que posúe diferentes actas de atestados dos distintos incidentes que se están producindo nos últimos meses, aínda que tamén é certo que con total seguridade parte de eses contratemplos non se puxeron en coñecemento, costeando os propios condutores as avarías producidas polos buratos que existen”.



A Oficina Rural remata as obras de mellora

A Oficina Rural de Friol vén de rematar o proceso de mellora das súas instalacións a través dunha actuación promovida pola Consellería do Medio Rural, para a que se destinou un orzamento de 32.258,46 euros.

As melloras correspondéronse con varias actuacións nas que acometeron tarefas de pintura, a renovación da carpintería exterior e a substitucións de luminarias dentro das ofici-

nas.

O obxectivo desta actuación, incluída no Plan de Infraestruturas da Consellería do Medio Rural, é ofrecer unha mellor atención á cidadanía e aos traballadores da propia oficina, que se atopa na avenida da Coruña desta vila. Nela, préstanse atención xeral á cidadanía nas materias da súa competencia, ademais de servizos agrarios e veterinarios.

Adamo desprega a fibra óptica en todas as parroquias friolesas

A empresa Adamo está a instalar esta tempada a fibra óptica para a conexión a Internet a alta velocidade no concello de Friol, con atención ás parroquias.

Segundo explicou o alcalde, José Ángel Santos, á veciñanza, xa hai zonas do municipio nas que se poden solicitar as altas para ter servizo de internet e teléfono.

Para realizar as solicitudes de alta as persoas interesadas poden chamar aos teléfonos 722 482 588 ou 685 502 000, onde se lles informará si a súa zona xa pode recibir estes servizos.

Cabe lembrar que Friol forma parte de todo un plan de expansión da compañía, que acumula máis de 70.000 vivendas cableadas en 35 concellos lucenses desde me-

diados de 2018. Para sufragar tales actuacións, Adamo investiu 20 millóns de euros e contratou a 300 traballadores locais en enxeñería, despregamento, mantemento e comercialización.

A pesar destes enormes avances, o crecemento prosegue, xa que o operador resultou adxudicatario da última convocatoria de axudas estatais e comunitarias para a instalación desta infraestrutura no territorio. En virtude do orzamento público-privado resultante do Programa Único, de 17,5 millóns, Adamo levará Internet de alta velocidade a 33.000 fogares rurais de Lugo entre 2023 e 2024 para sumar máis de 100.000 inmoables conectados á súa rede de alta velocidade no conxunto da provincia.

Festa de Entroido do CPI Doutor López Suárez e Carballo Vivo

A asociación Carballo Vivo celebrará un desfile e unha cea de Entroido o sábado 10 de febreiro. As actividades comezarán ás 17.30 horas cunha concentración de entroidos no centro cultural de Carballo, que farán un desfile a partir das 18.00 horas.

A xornada comezará cun cocido no centro social de Carballo a partir das 13.30 horas. Para o xantar é preciso apuntarse no correo carballovivo@gmail.com, ou falando cun membro da directiva. O prazo é ata o 8 de febreiro.

A ANPA do CPI Doutor López Suárez organiza o día 13 de febreiro unha festa de Entroido entre as 17.00 e as 20.00 horas no pavillón do centro. Habrá desfile, concurso de disfraces, globoflexia, pintacaras, merenda e algunha sorpresa máis. Para participar será necesario anotarse antes do 7 de febreiro no telefono ou no correo da ANPA (679 690 190 ou anpalopezsuarezfriol@gmail.com).

A vila fará o tradicional concurso de disfraces de Entroido o día 13

O Concello de Rábade vén de facer públicas as bases do seu tradicional concurso e desfile de disfraces, que se vai celebrar o martes 13 de febreiro a partir das 17.00 horas na Praza de España. Establece dúas categorías, comparsas e parellas ou individuais (para adultos e infantís).

Os premios en todas as categorías agás comparsas adultos serán de 100 euros para o gañador de cada categoría e o segundo recibirá 80. Os terceiros serán de 60 para as comparsas infantís e 50 para os individuais. Ademais, haberá un cuarto premio nos grupos dos pequenos, de 40 euros. As comparsas de adultos serán premiadas con



300, 200 e 100 euros. O concurso de disfraces estará amenizado polo Dúo Eclipse. Ao remate haberá degustación de sobremesas típicas do Entroido.

A maiores, o luns día 12 haberá unha Festa Infantil a partir das 17:00 horas no Centro Sociocultural de Rábade con música, xogos, merendas para todos e todas e moita diversión.

A vila prepárase para unha edición moi especial do Máster de fútbolín

O Máster Nacional de Fútbolín de Rábade, que este ano chega á viséximo quinta edición, celebrarase nas datas previstas para o mes de marzo, concretamente o 28, 29 e 30, coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa.

Para celebrar este aniversario tan especial, a organización aumentou a cuantía e o número dos premios de engade algún trofeo individual máis polo que repartirá 15.000 euros e 137 trofeos, case 5.000 euros máis que na edición anterior. Prevese superar de novo as máis de 300 parellas participantes, en especial polo volume dos premios e ao tratarse dun aniversario especial.

Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis e xogarase en tres locais, no Salón Papyrus, no IES Río Miño e no CEIP Otero Pedrayo.

O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá para os de movemento e en parado oito premios desde os 1.600 aos 100 euros ademais do trofeo. O resto de premios, oscilarán entre os 600 e os 25 euros. Aumentan o apartado feminino, no que as gañadoras recibirán 800 euros e haberá premio para oito parellas. Ademais os trofeos serán diferentes xa que se elaboran para cada torneo e terán un deseño exclusivo e orixinal.

Tamén contarán de novo co trofeo Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular; o trofeo Concello de Rábade para o mellor xogador e o trofeo David García, para o mellor porteiro. Continúan tamén o trofeo Xunta de Galicia ao mellor xogador da comunidade autónoma, o trofeo Bola Meiga á amizade, o trofeo Peña Rábade Fútbolín á peña máis participativa; o trofeo Galicial ao mellor xogador da provincia de Lugo, e o trofeo Merchí á mellor xogadora. Con este último quérese ofrecer unha homenaxe a unha das primeiras gañadoras que aportou moito ao fútbolín. Engádesse o Trofeo JMCR, ao Máster Leyenda.

Rábade presenta o seu programa Voces en Rede de Alexa

O día 7 de febreiro ás 16:30 horas o Centro Sociocultural de Rábade acolle unha charla informativa para a presentación por parte da Cruz Vermella do proxecto Voces en Rede. Esta iniciativa consiste en instalar dispositivos Alexa no fogar de persoas maiores de xeito gratuito.

O obxectivo é que os maiores coñezan este servizo coa intención de protexer ás persoas que viven soas e tamén de achegalos ás novas tecnoloxías, que poden aliviar a soidade non desexada.

Esta sesión está dirixida principalmente aos maiores do termo municipal.

Convocada a primeira foliada de primavera

O Concello de Rábade colabora coa agrupación folclórica Axeigo na celebración da Axeigada, a primeira foliada da primavera, que vai ter lugar o 9 de marzo. Na organización participan ademais Café 22, Cervecería Ágora e A Cantina e colabora a Asociación Fillos do Chaira. A xornada comprende obradoiros, cantos de taberna polos locais participantes, así como unha foliada aberta para poñer fin á festa.

En concreto, o programa comeza ás 17.30 horas con dous obradoiros, un deles de Baile foliadeiro con Xabi Iglesias (10 euros) e outro de

afinación e empalletado con Pepe Vaamonde (20 euros). As persoas interesadas en inscribirse poden chamar ao 634 83 52 88 ou enviar un correo a aoxeitogalego@gmail.com. Ás 19.00 horas darán comezo os Cantos de Taberna nos que participan cinco grupos: Airiños da Fonda, Estoupacaldeiros, Son Outeiro, Son de Lugh e Os do 13. A actividade volve ao Centro Sociocultural ás 22:00 horas onde haberá unha degustación de petiscos, seguida do concerto de Paracetafolk ás 22:30 horas e foliada aberta a partir das 23:30 horas.

Rábade protagoniza a VI xornada do GDR

Despois do gran éxito das últimas xornadas viaxeiras (onde o pasado sábado se reuniron máis de 150 persoas na V xornada de Palas de Rei) a semana pasada tivo lugar en Rábade a presentación da sexta xornada viaxeira Descubrindo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía.

Remedios González (alcaldesa do Concello de Rábade), Lorena López (xerente do GDR 4 e do Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa), e Guido Álvarez (impulsor do proxecto Guido Guía) anunciaron os primeiros detalles dun sábado 24 de febreiro no que volverán a reunirse historia, cultura, natureza, gastronomía e música tradicional.

Este proxecto engloba a 10 concellos das comarcas de Lugo e as Terras da Ulloa (Antas de Ulla, Castrotroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade) nos que nos vindeiros meses irán facéndose xornadas de presentación do que é un proxecto a longo prazo para poñer en valor as riquezas do territorio, e ao mesmo tempo promover vínculos sociais e culturais tanto de proximidade como con visitantes de máis lonxe que se animen a participar.

A inscrición para esta actividade é gratuíta, e pode facerse a través do correo info@comarcadelugo.gal e do teléfono 982 238 000

portomarín



Un estudo da USC amosa o descoñecemento dos nenos da historia local

A construción do encoro de Belesar, que foi inaugurado en xaneiro de 1963, culminou un longo proceso de reorganización do territorio próximo que obrigou ao traslado forzoso dos habitantes da vila de Portomarín. Agora, unha tese defendida na USC pola profesora Belén Castro Fernández, aborda a través dese caso concreto como afrontar a través da educación a débeda moral de recuperar memorias e reparar vínculos patrimoniais danados por un abuso ditatorial e a necesidade de aumentar a presenza de temas controvertidos na formación docente, que favorezan unha cidadanía democrática. A tese titúlase Recuperación de memoria en contexto de conflito a través da educación patrimonial: o traslado forzoso de Portomarín e para a investigadora, que o alumnado de distintos niveis educativos estude conflitos coma este ten “un forte potencial educativo” e supón

un “vínculo crítico e ético entre a escola e o territorio”. Nas súas visitas á vila para o traballo de campo, detectou que había “unha falta de diálogo interxeracional” que atribúe a “unha ferida emocional que aínda está aberta”, debido á cal as xeracións que viviron o traslado forzoso da vila non lle transmiten as súas memorias ás xeracións máis novas, de tal xeito que “as mozas e os mozos non reparan na dor das persoas maiores”. Así, o alumnado dos primeiros cursos da escola primaria de Portomarín descoñecía a historia da antiga vila e do seu traslado, e puido achegarse a ela a través dun obradoiro interxeracional no que tres persoas maiores contaron como se sucederon os eventos na época da construción do encoro e o alumnado puido construír un mapa emocional e ter datos polo miúdo das ruínas da vila que no verán, pola seca, emerxen de debaixo das augas do encoro.

pol

A Deputación inviste no complexo deportivo e na rede de augas municipal



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Pol, Lino Rodríguez Ónega, asinaron un acordo a través do que a institución provincial destina ao Concello 80.000 euros para que poida mellorar o complexo deportivo da localidade e ampliar a rede de abastecemento de auga dos núcleos rurais. Polo que respecta ao complexo deportivo, grazas a este investimento vanse acometer un conxunto de actuacións no pavillón no peche das instalacións e facer un reforzo estrutural completo, mellorando os piares, para evitar que aparezan fisuras, gretas ou movementos.

Esta dotación deportiva é o que utilizan os escolares do CEIP Rosalía de Castro de Mosteiro en horario lectivo e é de uso deportivo para actividades extraescolares.

O complexo conta tamén con campo de fútbol 7 e un campo de fútbol 11, dúas piscinas municipais, pista de baloncesto ao aire libre e unha pista de pádel. Unha aposta do Concello por favorecer a práctica do deporte, por ampliar alternativas para a conciliación familiar e laboral, e por con-

verter a Pol nun centro de referencia. Grazas á colaboración económica da Deputación, o Concello tamén poderá mellorar a rede de subministración de auga da liña que abastece Arcos e Bouzoá. En concreto, en Bouzoá, un núcleo que conta con 14 veciños, danse continuas baixadas de presión, provocando que o servizo non sexa todo o eficiente que debera. As obras que se contemplan inclúen unha nova condución de polietileno de alta densidade de 75mm de diámetro exterior, que complementa á existente, tendo en conta que tamén dá servizo a unha explotación gandeira con 40 cabezas de gando.

O núcleo de Xerbolés, onde residen 4 veciños, non conta actualmente con subministración de auga, polo que se vai executar ao abeiro desta colaboración que fai a Deputación. Neste lugar tamén hai explotacións gandeiras cun total de 35 cabezas de gando, un dato que se ten en conta á hora de dispoñer as obras e calcular o grosor das tubaxes.

O prazo de execución para estas dúas actuacións é de tres meses.

A Ruta Trotamontes regresará o 30 de marzo

Os club Trotamontes de Pol dará continuidade á súa cita anual coa celebración da XV ruta o sábado 30 de marzo arrancando desde Mosteiro, unha cita que reúne arredor de 150 participantes.

A ruta, de 90 quilómetros, discurrirá por camiños e pistas forestais deste Concello de outros dos arredores, utilizando vías asfaltadas tan só para facer cruces ou como enlace entre tramos. As inscricións poden facerse a través de facebook ou no email trotamontespol1@gmail.com.



o corgo

Reabre ao tráfico o cinto comarcal á altura do concello do Corgo

A Deputación de Lugo reabriu este mércores ao tráfico o cinto comarcal á altura da parroquia de San Pedro de Cerceda, no concello do Corgo, tras arranxar os danos provocados polas fortes chuvias de finais de ano e que obrigaron a institución provincial a actuar de emerxencia para resolver o afundimento da estrada.

En concreto, a Deputación investiu 83.000 euros nuns traballos que afectaron a esta vía -a LU-P-1611- no punto quilométrico 12,450 e que consistiron na instalación dun marco de formigón prefabricado de sección rectangular e de 3x2 metros cadrados co obxectivo de canalizar a saída



da auga dun xeito máis eficiente; a pavimentación do firme; a implantación do sistema de contención e á reposición da sinalización.

Unhas tarefas que a Deputación aco-

meteu en coordinación coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e adoitando as medidas precisas para evitar a contaminación das augas do río Neira, situado nas proximidades.

Os Cinco Ríos recuperará o mercado e rastro

Volve o mercadillo e rastro de cousas usadas do Corgo tras o éxito do ano pasado e que terá lugar ao lado da Cámara Agraria.

A asociación Os Cinco Ríos organiza a primeira xornada o primeiro domingo de marzo, que coincide día 3, que se celebrará na mesma data unha vez ao mes.

A xornada contará con postos de vendedores ambulantes e calquera particular tamén poderá poñer o seu posto. Ademais como novidade todas as persoas poderán levar



unha cousa antiga para expor e a máis curiosa terá premio.

As persoas interesadas en anotarse poden facelo nos teléfonos 636 584 282, 686 65 657 e 670 833 909.

Entra en vigor o planeamento industrial que afecta ao polígono local

A segunda modificación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAG), instrumento de planificación para delimitar a superficie industrial necesaria na Comunidade e definir aqueles ámbitos susceptibles de acoller futuros desenvolvementos, xa está en vigor.

O Diario Oficial de Galicia publicou a resolución pola que se fai pública a aprobación definitiva desta modificación, a segunda que promove a Xunta desde a aprobación do PSOAG no ano 2014 e cuxo alcance, neste caso, abrangue 24 ámbitos industriais pertencentes a 18 concellos co fin de axustar as previsións ás necesidades reais e actualizadas da Comunidade neste eido.

Entre os cambios introducidos, cómpre destacar a incorporación de dous polígonos de nova creación nos concellos das Pontes de García Rodríguez (nos terreos da antiga mina de lignito) e Mos (en resposta á demanda de solo industrial existente na área metropolitana de Vigo).

Así mesmo, redúcese a superficie inicial prevista para o desenvolvemento doutros nove ámbitos co fin de axustar ou diminuír o seu tamaño e adaptalos deste xeito á realidade actual. É o caso das áreas empresariais de Cabana de Bergantiños, O Corgo, Palas de Rei, a Cidade do Moble da Estrada, Pontecesures, Valga e os parques empresariais de Ameal, A Garrida e Valadares, os tres en Vigo.

O Corgo será a VII xornada viaxeira do Xeodestino Comarca de Lugo

Despois do éxito das últimas xornadas viaxeiras a semana pasada tivo lugar en O Corgo a presentación da sétima xornada viaxeira Descubrido a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía.

Felipe Labrada (alcalde do Concello de O Corgo), Lorena López (xerente do GDR 4 e do Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa), e Guido Álvarez (impulsor do proxecto Guido Guía) anunciaron os primeiros detalles dun sábado 6 de abril no que volverán a reunirse historia, cultura, natureza, gastronomía e música tradicional.

Este proxecto engloba a 10 concellos

das comarcas de Lugo e as Terras da Ulloa (Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade) nos que nos vindeiros meses irán facéndose xornadas de presentación do que é un proxecto a longo prazo para poñer en valor as riquezas do territorio, e ao mesmo tempo promover vínculos sociais e culturais tanto de proximidade como con visitantes de máis lonxe que se animen a participar.

A inscrición para esta actividade é gratuíta, e pode facerse a través do correo info@comarcadelugo.gal e do teléfono 982 238 000.



O Pleno únese en defensa da atención primaria

O grupo municipal do BNG de Castroverde conseguiu no último Pleno celebrado a unanimidade para a defensa dunha atención sanitaria digna en Castroverde.

A sesión plenaria aprobou na súa totalidade instar á Xunta de Galicia a que se cubran as ausencias pediátricas e de medicina familiar no centro de saúde de Castroverde.

Iria Castro, concelleira do BNG en Castroverde achacou ao goberno da Xunta de Galicia o desmantelamento da atención primaria e “a mala xestión por parte da conselleira de sanidade nestes 15 anos de desgoverno”. “Agardemos que desta aprobación por unanimidade significa que imos estar todos os grupos políticos defendendo a sanidade de Castroverde en tódolos ámbitos nos que cada quen ten responsabilidades” conclúe Iria Castro.

SINATURAS. O BNG convocou antes desta sesión varias concentracións na localidade pola defensa da sanidade pública da comarca. “A Xunta intenta facer en Castroverde o que xa se fixo noutros centros de atención primaria, redúcese a calidade do servizo ata pechar o centro de saúde”, afirmou Iria Castro.

“Despois da ausencia de atención sanitaria durante varios días no Nadal e despois de quedar sen pediatra ata o día 12 solicitamos que se cubran as ausencias tanto no médico de familia como na atención pediátrica” denuncia Iria Castro. Nestas concentracións comezouse cunha recollida de sinaturas para esixir á Xunta de Galicia a restituír a atención médica completa no centro de saúde, “unha situación insostible e que xoga coa saúde das persoas”.



Programada a I Ruta Cicloturista A Fortaleza

A Xunta de Galicia apoia a I Ruta Cicloturista A Fortaleza, que se celebrará o vindeiro 20 de abril en Castroverde organizada pola asociación cultural e deportiva A Fortaleza Sport. A Delegación Territorial da Xunta en Lugo acolleu a presentación, na que participou a secretaria territorial, Marta Barreiro, e representantes da organización. O programa inclúe tres percorridos de diferentes lonxitudes e dificul-

tades. Así, haberá dúas rutas BTT, unha de 30 quilómetros e outra de 50; e unha de Gravel, que abrangue 68 quilómetros. As probas non terán carácter competitivo. A maior parte do itinerario transcorre por camiños rurais e forestais de Castroverde. O prazo de inscrición está aberto a través da plataforma cc-norte.com, onde as persoas interesadas poden ampliar a información sobre esta actividade.

Castroverde xa se prepara para o Entroido

O domingo 11 de febreiro Castroverde celebrará o Entroido cunha gran festa que dará comezo ás 17.00 cun pasacalles que irá dende a praza do Concello ata o pavillón municipal.

O pasacalles estará amenizado polo grupo musical Zuncurrundullo e no caso de mal tempo suspenderase o pasacalles e realizaríase o desfile directamente no pavillón. Para esta celebración o Concello organiza un concurso de disfraces que repartirá 3600 euros en premios e que se celebrará a partir das 17.30 no pavillón municipal.

Poderán participar tanto nenos como adultos e facelo a través de comparsa, parellas ou de xeito individual establecéndose diferentes

premios para cada categoría. Estes van desde os 500 euros ata os 40. Valorarase a orixinalidade, a simpatía, o traballo realizado e a posta en escena.

Ademais o concurso conta con premios especiais que só se darán cando o xurado así o considere e soamente terán a posibilidade de obtelos os concursantes que pertencen ó Concello de Castroverde, sempre e cando non foran agraciados con algún dos premios xerais. O xurado poderá asignarllos a participantes tanto do concurso infantil como do de adultos.

As inscrición para o concurso realizaranse o mesmo día, unha vez finalizado o pasarrúas, no pavillón municipal.

O concurso de tapas abre o prazo para participar

Castroverde convocou o segundo Concurso de Tapas co obxectivo de dinamizar o sector e poñer en valor a oferta gastronómica. Está aberta a fase para que os establecementos podan inscribirse.

O concurso celebrarase entre os días 1 e 3 de marzo e participarán diferentes establecementos de hostalaría cunha única tapa cada un. Ampliase deste xeito unha xornada máis esta celebración O horario para poder desfrutar das tapas será de 20.30 a 23.00 o venres e o sábado mentres que o horario de mañá, de 13.00 a 15.30 horas será para sábado e domingo. Establécese tamén un prezo de venda ó público entre 3 e 4 euros

O Concello de Castroverde entregará a cada participante antes do primei-

ro día de comezo do concurso unha urna e folletos para que os clientes poidan emitir o seu voto, que colocarán nun lugar visible.

Os clientes para poder votar e participar nos sorteos dos premios será necesario que teñan o seu folleto selado por todos os establecementos participantes no concurso.

Establécense 3 premios ás mellores tapas para aqueles establecementos que acaden maior puntuación por parte dos clientes consumidores. Estes consistirán nun diploma acreditativo para que coloquen no seu establecemento e no que se fará constar o posto no que quedaron.

Para o público consumidor, os premios serán vales de compra por valor de 300, 200 e 100 euros para gastar en Castroverde.

Continúa co programa de impulso á compostaxe

O Concello continúa co seu programa de impulso á compostaxe doméstica. Tras varias sesións informativas, unha delas durante a feira, conta xa cun total de 30 familias no programa. O obxectivo do mesmo é que as familias fagan na casa a súa propia compostaxe.

O Concello facilita aos usuarios os composteiros de uso doméstico e aireadores así como asesoramento aos que o desexen. As persoas que desexen unirse a esta

iniciativa poden aínda solicitalo cubrindo este formulario. Para aquelas persoas que non estean habitúadas ao uso da tecnoloxía, o Concello pon tamén formularios físicos na casa do Concello. A veciñanza ten á súa disposición o número 647 521 464 e o correo residuos@concellodecastroverde.com para informarse ou para resolver calquera dúbida.

O único requisito para formar parte deste programa é ser veciño e ter un pequeno xardín ou terreo.

O PP reclama a gravación dos plenos

O portavoz do PP, Pablo Figueiras, condena o “autoritarismo, a falta de sentido democrático e ocultismo do alcalde e o seu equipo de goberno” tras rexeitar retransmitir en directo as sesións plenarias e habilitar un espazo accesible na web para acceder, posteriormente, ás gravacións en vídeo.

Tratábase dunha iniciativa que contou co voto a favor do BNG pero co voto en contra do rexedor socialista e o seu equipo. “A súa negativa evidencia a falta de transparencia deste goberno local que se nega a facilitar que os veciños teñan acceso e coñezan de primeira man e de forma cómoda os temas que se abordan nos plenos, que son as reunións do órgano de representación de tódolos veciños”.

O BNG propón un novo aparcadoiro na entrada da vila

O grupo municipal do BNG propuxo facer un aparcadoiro á entrada do municipio. “O PSOE xa nos dixo que xa hai un aparcadoiro, que é diante do centro sociocultural”, explicou a concelleira Iria Castro. Segundo a formación política, ademais desta praza, precísase a execución doutro aparcadoiro que dea servizo á veciñanza de toda a vila.

En canto á a proposta da Alcaldía para dar máis competencias á Xunta de Goberno, o BNG opúxose e votou en contra pois “aínda que é legal pensamos que supón baleirar de contido o pleno ordinario onde estamos representados todos e todas os veciños e entorpece o labor da oposición”, aseguran dende o BNG.

Viaxe a Compostela de Amigos do Patrimonio

A asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde organiza unha visita cultural a Compostela, que terá lugar o venres 9 de febreiro.

A viaxe dará comezo en Castroverde ás 8.30 horas con parada no Carqueixo ás 8.40. En Santiago visitarán pola mañá o Parlamento Galego e a Cidade da Cultura.

Despois da parada para xantar, ás 14.00 horas, visitarán pola tarde as cubertas da Catedral e o Pórtico da Gloria.

As persoas interesadas en asistir teñen que anotarse antes do 1 de febreiro. O prezo é de 35 euros e inclúe autocar, xantar e visitas.

DEPUTACIÓN

Arranca o programa Xunt@s, unhas xornadas temáticas de lecer

A Deputación vén de poñer en marcha o programa Xunt@s, de actividades gratuítas, de lecer e formativas para contribuír ao envellecemento activo no rural, “para enriquecer a oferta de ocio e cultural dos pequenos concellos e, polo tanto, para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas, un factor determinante para fixar poboación no territorio”.

A voceira socialista, Pilar García Porto, anunciou que esta iniciativa, á que a Deputación destina un total de 91.000 euros e que está organizada da man dos concellos, consiste nunha serie de 125 xornadas temáticas gratuítas, que se celebrarán ata a primavera por toda a provincia, e que teñen que

ver coa saúde, co deporte ou coas novas tecnoloxías. Explicou García Porto que o xoves pola tarde tivo lugar a primeira destas actividades do programa Xunt@s, en Pedrafita do Cebreiro, e para este mes están previstas outras 13 xornadas, nos concellos de Trabada, Antas de Ulla, Taboada, Navia de Suarna, A Pontenova, A Fonsagrada e Guitiriz. “Este tipo de actividades fomentan a interacción da xente e contribúen a fortalecer os lazos da comunidade”, valorou a deputada, para quen “a propia temática das xornadas favorecerá os hábitos de vida saudable, a práctica de actividade física, educar en prevención ou romper a brecha dixital integrando as novas tecnoloxías na vida diaria da xente”.



FIGUR. O presidente da Deputación, José Tomé Roca, presentou na Feira Internacional de Turismo (Fitur) a nova campaña de promoción turística da institución provincial, Saborea a Provincia de Lugo. Unha proposta para amosar a “autenticidade e calidade dos produtos locais”, co obxectivo de posicionar á provincia como destino gastronómico de referencia a nivel internacional e fortalecer a súa oferta turística.

A Deputación creará unha bolsa de vivendas para o alugueiro rural

A Xunta de Goberno aprobou as bases para a creación dunha bolsa de vivendas de alugueiro no rural. Unha das liñas de actuación incluídas no programa E para vivir Lugo que a institución provincial ten en marcha con fondos que conseguiu da Unión Europea cotra o reto demográfico. Así o informou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen explicou que a Deputación concederá un total de 50 axudas de 600 euros cada unha destinadas aos propietarios das vivendas para incentivar o alugueiro. “Con este plan piloto queremos abrir unha vía que consideramos moi inte-

resante para atraer e fixar poboación no noso rural”, asegurou. O prazo de solicitude destas axudas de concorrencia competitiva será de un mes desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Poden resultar beneficiarias todas aquelas persoas propietarias e usufrutuarias de vivendas sen ánimo de lucro que estean situadas en concellos da provincia con menos de 5.000 habitantes. Explicou a Voceira que para a concesión destas axudas valoraranse cuestións como o concello onde estean situadas, tendo preferencia

O Pleno esixe á Xunta “que poña fin á destrución da sanidade”

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia que poña fin á destrución da sanidade pública dotándoa de máis investimentos e máis persoal. Así se acordou no Pleno a través dunha proposta do Goberno que recollía o apoio da institución á plataforma SOS Sanidade Pública para recuperar a atención primaria e que contou cos votos a favor do PSdeG e do BNG e os votos en contra do PP. Ademais, aprobouse unha moción dos socialistas reclamando a redución das listas de espera e a recuperación dos cadros de persoal, contra o que o Partido Popular tamén votou en contra.

“A sanidade está no peor momento da etapa democrática en Galicia, nunca tan mal estivo”, valorou o Presidente, José Tomé Roca, que sinalou que na etapa de Touriño a atención primaria era no mesmo día e que hoxe a espera mínima para ter cita é de tres semanas, o que deriva na sobrecarga das urxencias. E nese sentido recordou o mandatario provincial que hai 900 profesionais menos que no 2009 na sanidade pública galega e apuntou á responsabilidade da mala xestión do Executivo galego, quen non convoca prazas e precarizou as condicións laborais dos profesionais. Durante a sesión provincial, a voceira socialista e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, sinalou que a intención da sociedade galega “de volver saír á rúa de xeito masivo para defender a sanidade pública, o dereito dos galegos e galegas a unha atención sanitaria universal e a dignidade nas condicións laborais dos profesionais do sector”.



Explicou García Porto que “no caso dos lucenses achegaremos ademais a nosa demanda de que se reverta o desmantelamento da sanidade no rural, que está a xerar unha fenda entre cidadáns de primeira e de segunda”, engadiu.

Puxo cifras ao desmantelamento da sanidade, asegurando que Galicia ten hoxe 900 profesionais sanitarios menos, 900 camas hospitalarias menos e inviste 130 millóns de euros menos en sanidade que en tempos do Goberno de Touriño. Tamén destacou que hai uns 1.500 profesionais ás portas da xubilación en Galicia, como os 289 médicos que cumpriron 65 anos na provincia de Lugo entre 2018 e 2022 sen que o Sergas tomase medidas para repoñer os cadros de persoal.

Lamentou que da recomendación da Organización Mundial da Saúde (OMS), de que o 25 % do gasto sanitario se destine á Atención Primaria, en Galicia cae ata o 14 %. “Os nosos veciños e veciñas esperan de media entre 15 e 25 días para ser atendi-

dos polo seu médico de cabeceira”, e lembrou aos 11.000 nenos e nenas que non teñen pediatra en Galicia, 46.000 persoas esperando por unha intervención sanitaria e outras 120.000 que agardan por unha proba diagnóstica.

Outras demandas que a Deputación fará chegar á Xunta en materia sanitaria é a necesidade de poñer en marcha un plan de choque en Atención Primaria que garanta a cita no médico de cabeceira nun prazo non superior ás 48 horas; medidas para recuperar os cadros de persoal e a reapertura de todos os centros; un plan de captación de médicos de especialidades como Pediatría, “cun déficit crónico en toda a provincia”; incluír a Saúde Mental na Atención Primaria; reducir as listas de espera; e tamén un plan de melloras nos modelos de contratación que remate coa precariedade actual.

O portavoz do BNG na Deputación, Daniel García, amosou o apoio da formación nacionalista á manifestación pola sanidade pública.

NOVA DEPUTADA



A alcaldesa de Burela, Carmela López Moreno, tomou posesión no Pleno como deputada provincial, asumindo a área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas. López Moreno prometeu o seu cargo e amouse ilusionada e con moitas ganas de iniciar esta nova etapa “para traballar de xeito decidido dende a Deputación por e para Burela, pola Mariña e para o conxunto da provincia”. Ademais, o deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández, pasará a asumir ademais a delegación de Vías e Obras.

COLABORACIÓN

Ensino e redes sociais

O PUPITRE



Julio Díaz

As redes sociais xogan un papel clave no actual mundo dixital, xa que modifican a forma en que planificamos, interactuamos e, incluso, gozamos das nosas vidas.

As redes sociais teñen actualmente unha gran importancia na vida dos adolescentes. O labor das familias e dos centros educativos resulta imprescindible para aproveitar as posibilidades que ofrecen e frear os perigos que suscitan.

O mundo dixital chegou para revolucionar a forma de vida da nosa sociedade cambiando tamén a planificación e interacción no noso ámbito educativo. Hoxe en día, resulta evidente que as redes sociais no ensino son unha ferramenta fundamental para impulsar un novo modelo de ensino - aprendizaxe do noso alumnado.

Nas últimas décadas as redes sociais chegan ao público infantil e xuvenil proporcionando unha ampla información que anteriormente tiñan restrinxida. De feito, a única maneira que tiñan antes de aprender era ler un tema ata chegar a memorizalo mais, isto cambiou coa evolución do uso das TICs no ensino, xa que o emprego das distintas plataformas pode resultar beneficioso na aula e permitir a adquisición de coñecementos doutro xeito.

Fai anos era case inimaxinable que un alumno colaborara con outro que vivía no outro extremo do mundo. Hoxe, estudantes de diferentes centros educativos e de diferentes países poden compartir coñecementos, intercambiar proxectos e traballar en equipo. Isto é especialmente relevante nos programas Erasmus, xa que as redes permiten que, previamente á mobilidade, os alumnos se coñezan compartindo gustos, afeccións... e posteriormente, permitindo amosar publicamente tanto as actividades realizadas como os materiais elaborados nese

período de traballo compartido. Son de feito as familias dos alumnos implicados no proxecto as primeiras beneficiadas desa impresionante canle de información. Este é o concepto de rede social, o de promover a socialización dos usuarios.

Os beneficios do uso das redes sociais na educación van desde ensinar ao alumno a aprender por si mesmo ata promover o uso das TICs. Isto permítelle desenvolver as competencias dixitais e tecnolóxicas necesarias para explorar diferentes proxectos educativos, fomentando o valor de compartir e colaborar ao tempo que toman conciencia de socializar e traballar en equipo mediante unha procura de información distinta, que pasa de ser unha tarefa tediosa a ser amena e colaborativa.

Son múltiples os exemplos de como usar as redes sociais no ensino. Pode crearse un grupo privado para organizar debates, asumindo diferentes roles para aprender a empatizar e respectar outras opinións. Pódense compartir traballos e proxectos fei-



tos na clase ou, así mesmo, buscar fake - news, tuitear nunha lingua estranxeira, documentar un tema con fotografías, crear un vídeo, localizar imaxes para situar en mapas xeográficos, crear un álbum de clase coas saídas fóra do centro, escoitar outros idiomas...


Son moitos os beneficios que ofrece o uso das redes sociais na aula pero sempre hai que ter presente os seus posibles efectos negativos, xa que para algún estudante vólvese tan natural buscar información en redes que a resolución de consultas

tradicionais resulta complicado. O seu uso intensivo tamén pode derivar en que se acabe navegando por moitas redes aumentando deste xeito a distracción ou que, incluso, este uso intensivo acabe afectando á comunicación interpersonal entre os rapaces.

En definitiva, o uso das redes sociais vai máis aló do entretemento e socialización. Cun control adecuado pode ser tamén un método educativo eficaz que, ademais, parte coa vantaxe de que nos conecta cuns alumnos nativos dixitais.

Anuncio mediático

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Vai por dezasete anos desde que se publicou no Boletín Oficial do Estado (B.O.E.) a chamada Lei de Dependencia.

A súa entrada en vigor significaba recoñecer uns dereitos subxectivos a aquelas persoas que precisasen de apoios externos na súa cotidianidade, garantíndolle o acceso a servizos tales como residencia, centro de día ou atención no domicilio; así mesmo, existía a posibilidade de obter unha prestación económica porque se daban as circunstancias que a persoa dependente estaba a ser atendida no entorno familiar. Foi esta última a que colapsou os servizos sociais dos concellos daqueles primeiros meses, xa que era o obxectivo da inmensa maioría das solicitudes presentadas. Lembrámolo ben aqueles que nos tocou realizar as correspondentes

tramitacións dos cidadáns que non disimulaban o seu excepticismo sobre se chegarían ou non a beneficiarse das denominadas libranzas que se anunciaban. Non foi sen tempo, pero paseniño empezaron a chegar as primeiras resolucións, nalgúns casos con cantidades considerables que tapaban as bocas dos que non escatimaban negativos presaxios. Incluso a coidadora -a inmensa maioría eran e son mulleres- tiña a opción de darse de alta como cotizante no réxime especial que se creou na Seguridade Social, cotización que realizou nos primeiros anos o Estado directamente. Logo virían os recortes, reducindo as cantidades á mínima expresión e quitando a cotización gratuíta. Ben é certo que moitos solicitantes quedaban polo camiño, xa que lamentablemente falecían antes de finalizar todo o proceso, co conseguinte malestar creado. Nestes dezasete anos de percorrido, asistimos á construción de centros residenciais e de día, así como nun incremento exponencial das horas de axuda no fogar

que se ofrecen desde as entidades locais. O efecto na creación de emprego, feminino e local, foi de enorme valor.

Agora estase anunciando sen escatimar medios a axuda de cinco mil euros anuais para as familias con dependentes a cargo, creando unhas expectativas enormes entre a cidadanía. É o denominado Bono Coidado. Cómpre sinalar que xa son beneficiarios da libranza na contorna familiar, que na nosa bisbarra segundo datos, rondaría os cinco centos perceptores. O efecto chamada non se fixo agardar e os que teñen persoas maiores a cargo están acudindo en masa aos servizos sociais municipais para presentar a solicitude do devandito bono.

Estamos na época que xa sabemos e comprobábase co paso do tempo como se desenvolve esta medida e a cantos satisfará. Que as administracións competentes apoiem economicamente aqueles domicilios onde as persoas maiores son atendidas directamente por algún ou varios con-

O RECUNCHO DE CANELINA



vivintes, semella ser de xustiza. Recoñecer e por en valor ese traballo moitas veces invisible de mulleres -repetimos: a práctica totalidade dos coidadores son de sexo feminino- quen facilitan unhas atencións que fan que eses dependentes podan seguir no seu entorno de sempre, evitando

así que acaben nun centro residencial.

Pero bótase en falta levar a cabo unha planificación a medio e longo prazo. Somos unha poboación avellentada que precisará algo máis que axudas económicas directas e coxunturais. E aí é onde se atopa o verdadeiro desafío.

DEPORTES



O CD Lugo incorpora dous novos xogadores e cede a Carlos Torrado

O CD Lugo e Fran Mérida chegaron a un acordo para a incorporación deste último como novo xogador do primeiro equipo da entidade.

Fran Mérida (4-3-90, Barcelona) desempeñase como mediocentro ofensivo e interior, e atesoura unha gran experiencia no fútbol ao máis alto nivel. Campión da Supercopa de Europa, e con dous ascensos a Primeira División ás súas costas, a súa traxectoria inclúe equipos como FC Barcelona, Arsenal, Real Sociedade, Atlético de Madrid, SC Braga, SD Huesca, CA Osasuna, ou RCD Espanyol, entre outros.

Unha incorporación de calidade, cun dos xogadores máis brillantes a nivel internacional da súa xeración,

que chega ao CD Lugo para achegar oficio, talento e traballo ao equipo albivermello. Mérida asina por esta tempada e outra máis.

Ademais, co CD Eldense chegou a outro acordo para a cesión de Mario da Costa ata final de tempada.

Da Costa (14-4-01, Málaga) desempeñase principalmente como extremo esquerdo, e chega a Lugo tras etapas en clubs como Málaga CF, Selecta CF, ou Atlético de Madrid, entre outros. Mocidade, velocidade e verticalidade para un xogador que suma un novo perfil para o ataque amurallado. Así mesmo, chegou a un acordo co Racing Club Vilalbés a cesión do xogador Carlos Torrado ao verdivermello ata final de tempada.

O Breogán anuncia o regreso de Sakho no día que di adeus á Europa

Fixeron un gran papel, pero non puido ser. O Breogán despediuse da competición europea co orgullo do traballo ben feito pero coa derrota ante o Pinar Karsiyka turco no terceiro partido do play in da BCL.

O Breogán foi por detrás no marcador pero non se deixou dominar e incluso logrou o empate preto do final aínda que a eficacia do rival foi crucial para levar o marcador ao 86-76 do final.

Gran papel de Sergi Quintela, responsable de 14 puntos.

REGRESO DE SAKHO. O Río Breogán chegou a un acordo para a incorporación do interior congoleño de 2,07 m, Jordan Sakho (Kinshasa, 4 de abril de 1997).

Jordan Sakho, que cumprirá a súa segunda etapa no Río Breogán, procede do UCAM Murcia, onde promediou 2,3 puntos e 2,2 rebotes en 9'



de media en Liga Endesa e 5,3 puntos e 3,5 rebotes en 12' de media na Basketball Champions League.

Sakho é un pivote con bo físico, capacidade de intimidación, xogo preto do aro e bo reboteador, substituirá a Diouf e completará o xogo interior celeste ata o final de tempada. O pivote formou parte do equipo celeste que participou na Copa do Rei en 2021.

Arranca unha nova edición do Circuito Corre con Nós

A Concellería de Xuventude e Deportes que dirixe Jorge Bustos presentou esta mañá unha nova edición do Circuito Larsa Corre con Nós 2024.

No acto, que tivo lugar nas instalacións que a factoría ten preto da cidade, o edil estivo acompañado pola responsable de Marketing de Larsa, Ana Rodríguez Grande.

O Circuito Larsa Corre con Nós 2024 abriu xa o período de inscricións a través da páxina web www.corre-connos.com na que se aloxa toda a información da competición que contará novamente con 6 probas que percorreren distintos barrios lucenses.

A primeira delas, como vén sendo habitual na cita inaugural desta carreira popular lucense, será nocturna polo centro da cidade e terá lugar o sábado 10 de febreiro. “Con ela daremos o pistoletazo inicial a esta tempada atlética na capital, logo de que no mes de decembro se celebrase xa a XX edición da Lugo Monumental”, lembrou Bustos.

O responsable de Deportes sinalou tamén que haberá dúas probas máis no mes de marzo e as tres seguintes serán en abril e maio rematando o circuito no mes de xuño para completar as seis probas que inclúe.

“Dende a organización analízase agora un posible cambio de trazado

nalguna das carreiras – que será anunciado no seu momento – para dar un maior protagonismo aos diferentes barrios da cidade polos que transcorre pero tamén para modernizar e actualizar os percorridos”, avanzou.

Bustos adiantou tamén que, “a estas alturas o circuito xa conta con 700 persoas inscritas en todas as categorías e para participar nas diversas probas que se convocarán nos próximos 5 meses” e recordou que a tempada pasada houbo un total de 1850 participantes (1197 homes e 653 mulleres), nas categorías de minis (225); 10/12 anos (269); 14/16 anos (118) e adultos (1.238).



Presentación do ADC Sagrado Corazón

Emoción, risas, alegría, protagonismo... E sentimento. Todo iso e moito máis vivíuse na presentación oficial da tempada 23-24 que o ADC Sagrado Corazón organizou no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. Tras as primeiras fotos oficiais deu comezo o desfile de todos os equipos que entraban ao salón a ritmo de boa música e presentados un a un por unha das grandes voces do xornalismo

deportivo en Galicia, Terio Carrera. Para pechar o evento, o presidente do club, Jacobo Gómez, tomou a palabra e agradeceu a todos os pais e nais por confiar e elixir un ano máis á ADC Sagrado Corazón para a formación dos seus fillos e fillas. O acto finalizou coa gran foto da familia corazonista xunto a todos os técnicos, Directivos, patrocinadores e representantes das institucións.

REAPERTURA DO PAVILLÓN ANEXO DO PAZO



As bases do baloncesto lucense estrearon as pistas do Anexo, completamente renovadas tras as melloras realizadas nos últimos meses. Coincidindo coa volta das competicións ao recinto, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo organizou un encontro que reuniu xogadoras e xogadores dos clubs que empregan habitualmente as instalacións. Unha ampla representación de xogadoras e xogadores Ensino e Breogán, acompañados Maximus, deron a benvida as nenas e nenos que se achegaron ás instalacións a probar as novas canchas.

“É importante seguir saíndo xuntos para manter o club vivo”

Alberto Sánchez Fernández, presidente do Club Quercus-Aper, creado en 2020



Como son os inicios do Quercus-Aper?

O club Quercus-Aper de ciclismo da comezo no 2020 un pouco a raíz da pandemia. Eu sempre saín en bicicleta e sempre quixen facer algo así, nese momento xurdiu a oportunidade tamén como consecuencia do meu traballo en Decathlon. Eramos varias persoas interesadas e pouco a pouco fomos crescendo.

Canta xente forma parte do club?

Somos un club novo, con só tres anos e falta moito por facer pero na actualidade contamos con cincuenta socios. Actualmente temos a inscrición pechada porque preferimos ser menos socios e que estean contentos.

Entón non aceptades novos socios?

En principio non, pero cabe a posibilidade, segundo o caso de que si. Depende das circunstancias, igual xente que ven de fora a traballar a Lugo ou de verdade o necesita pois si que acollemos. Non é o mesmo unha persoa que anda saltando dun club a outro, que nese caso non, sabemos dalgún caso porque entre os clubs de Lugo temos moi boa relación e falamos. De feito temos varias persoas que son socias de dous clubs a vez, porque hai boa relación e axudas a dous clubs a crecer.

Como son adestramentos?

Temos un grupo de whatsapp a través do que falamos cando saímos e xuntámonos varias persoas. Soemos adestrar todo o que podemos e despois imos a todas as rutas que nos é posible. O ano pasado participamos nunhas dez como a ruta dos Lobos e este ano xa estamos apuntados a ruta Catro Picos, eu tamén

vou ir a Rioja Race con outros membros do club. A min sempre me gusta facer unha ruta máis potente fora de Galicia.

Por onde saídes para realizar os adestramentos?

Pois temos varias zonas, desde Penarrubia, Ombreiro, Os Lagos de Teixeira, O Cádavo e moitas outras sitios nos arredores de Lugo. Eu por exemplo saio bastante por Castroverde, porque a miña parella é de alí e aproveito cando imos, hai uns anos fixemos unha ruta moi bonita por esa zona.

Que é o que máis disfruta deste deporte?

Quizais que é un deporte individual, é dicir podes practicalo cando queiras sen precisar de ninguén, non é un deporte colectivo no que precisas de outras persoas para poder realizar. Tamén que gran cantidade de modalidades que existen para practicalo, desde estrada, ciclocrós ou montaña. É un deporte moi individualizado ao que lle podes dedicar o tempo que ti precisas non ten unha duración estipulada como un partido de fútbol, que conta cun inicio e un final.

Cales son os principais obxectivos do club?

Para nós é importante seguir saíndo xuntos todo o posible para manter o club vivo. Agora mesmo estamos traballando para tentar coller o deporte desde abaixo e incluír cativos, para que lle collan o gusto xa dende pequenos. Este é un deporte que cando mellor se aprende é cando es máis novo, se comezas coma min, aos vinte, non tes a mesma habilidade de aprender. A corto prazo este é un dos nosos principais obxectivos. Despois

estamos en proxecto de abrir unha escola infantil con persoal cualificado.

Que necesidades teñen na actualidade como club?

A nivel da cidade, precísanse máis infraestruturas para o ciclismo, que dende as institucións arranxen un pouco máis os sendeiros e que os sinalicen mellor. E para os clubs que haxa locais específicos para o ciclismo, que haxa máis puntos para o lavado de bicis gratuítos ou como teñen noutras cidades algún punto de reparación de bicicletas. E despois que se axude un pouco máis dende o Concello, nós para facer a carreira foi complicado, fun varias veces ao Concello a falar cos concelleiros e foi difícil. A carreira fíxose gracias a Rubén Arroxo e tamén ao deputado de Deportes, eles foron os que nos axudaron, se é polo Concello de Lugo non se fai nada.

Algún consello para alguén que queira comezar a practicar este deporte?

Eu recomendaríalle buscar calquera club que sexa activo e que se anote. Nós por exemplo contamos cunha rapaza María, que se dedica a recrutar mulleres porque hai moi poucas dentro do mundo da bici e queda con elas para facer saídas, actualmente dentro do club temos unha sección feminina para que saia o deporte un pouco adiante nese ámbito porque hai moi pouco. Animamos a todas as interesadas a participar. É difícil ter un club vivo, eu teño moita axuda de xente que lle gusta, xente do club que non son parte da directiva e que sempre están dispostos a votar unha man. Non é necesario estar na directiva para facer cousas polo club.

A proba de Lugo do Mundial de Motocrós será o 11 e 12 de maio

Infront Moto Racing fixo unha actualización do Calendario do Campionato Mundial de Motocross FIM 2024. Así, programado para os días 11 e 12 de maio, o MXGP de Galicia acollerá en Lugo o seu primeiro Gran Premio desta especialidade celebrado no Circuito Municipal Jorge Prado.

Está previsto polo tanto que a casa natal do actual Campión do Mundo de MXGP, Jorge Prado, acolle aos mellores pilotos do mundo. Ademais de presentar as clases MXGP e MX2, o evento presentará o Campionato Mundial de Motocrós Feminino FIM e o EMX125 a cargo de FMF Racing.

Este evento tamén será o segundo Gran Premio en España en 2024 e, como resultado desta incorporación, o MXGP de España en intu Xanadú – Arroyomolinos anticipouse para os días 23 e 24 de marzo. O MXGP de España manterá as mesmas categorías secundarias, a WMX e a EMX250.

Aproveitando o éxito de eventos pasados en España e con heroes locais como Jorge Prado, Rubén Fernández e Daniela Guillén, estes dous Grandes Premios prometen ofrecer carreiras increíbles e grandes atmosferas impulsadas pola paixón do motocrós a entusiastas de España e de todo o mundo.



Troitas Bravas triunfa na última xornada de billarda

Por Daniel Rodríguez Saavedra.

Despois do éxito da pasada tempada, a LNB volveu a Castropol para celebrar o segundo aberto en terras Asturianas.

Como sempre os Troitas Bravas deron o do de peito para sacar adiante este magnífico aberto coa inestimable colaboración do Concello. Parabéns compañeiros. Organización perfecta.

O tempo estupendo para xogar a billarda aínda que o bravo terreo puxo abondos atrancos aos 65 palanadores participantes (44 homes, 13 donas e 8 cativos).

Tres palanadores sobresaíron por riba dos demais. Sachas (Troitas Bravas) por cuarta xornada consecutiva sube o podio, desta volta no máis alto cun pleno de 25 puntos. Con

24 e despois dun desempate, Basilio (Billardeiros Musicais) e Muriego (Remourelle Bulls) foron os seus acompañantes.

En donas, Sandra (Troitas Bravas) fixo o propio co seu compañeiro e superou a Cris e a Vanesa (as dúas de Castiñeiro Milenario).

En infantís, como sempre os cracks Mateu e Diego (Madia Leva) impoñen a súa lei, e Alejandra (Troitas Bravas) foi terceira.

Malia as dificultades e a bravura do terreo, outra Troita Brava, Tonho, foi quen de facer un Varado, o terceiro que se acada na tempada.

Por equipos, novamente Troitas Bravas soben o máis alto, por diante de Billardeiros Musicais e de Madia Leva, consolidándose na primeira posición da xeral.

DE RUTA EN RUTA

As Nogais: Ruta Ferrería de Bois

Cunha distancia total de vinte quilómetros, este percorrido é apto tanto para realizar a pé, como en bicicleta ou a cabalo

A ruta de Ferrería de Bois da comezo na localidade das Nogais, á que accederemos a través do quilómetro 447 da N-VI nun desvío á dereita. Segundo se entra no pobo, xusto antes da ponte que cruza o río Bois aparece un camiño á dereita, situado entre dúas casas, que da comezo a esta ruta. Parte das Nogais e regresa a localidade de novo despois dun percorrido que nos leva a coñecer parte das antigas industrias existentes na comarca de Ancares, o traballo do metal en pequenas ferrerías.

Comezamos o camiño cunha subida, lixeiramente esixente, que nos leva ata o barrio de Pandelo e continuaremos paralelos ao río do Val de Trasmonte aproximadamente dous quilómetros e medio. A altura do Couso cruzaremos o ría para desviarnos por un camiño a esquerda que nos levará ao antigo manancial de Augas Rubias, que recibe este nome pola cor da auga.

Dende este punto dará comezo un descenso cara o regato do Vao, que teremos que cruzar para comezar de novo unha subida cara o



monte da Cheda onde poderemos apreciar unha fermosas vistas da paisaxe. Encamiñaremos cara Ferrería de Bois a través dun suave descenso rodeados de acivros onde poderemos facer unha parada para observar a paisaxe.

A Ferrería atópase actualmente en estado de abandono e de aspecto moi deteriorado, aínda así poderemos apreciar restos da vivenda, muros da capela e as ruínas do edificio industrial.

Xa de volta As Nogais unha pequena ponte permítenos cruzar o río Valdeparada e comezar unha subida ao Monte da Furada desde onde tamén poderemos desfrutar da grande beleza da paisaxe natural.

Dende este punto son seis os quilómetros que restan, primeiro en descenso ata o regato de Vao para volver a subir ata saír preto de Pandelo e xa para rematar unha baixada ata As Nogais.

Pasaremos polo pobo de Fonfría e continuaremos o ascenso ata chegar a unha lagoa de grande interese natural para os anfibios. Aquí

poderemos atopar dez tipos diferentes de anfibios ademais da ra de San Antón, que se encontra na actualidade sufrindo un descenso de poboación.

Esta ruta ten un grande interese paisaxístico a través da cal poderemos desfrutar de especies arbóreas moi representativas dos bosques galegos como carballos, castiñeiros ou piñeiros e outro tipo de vexetación como toxos, xestas, queiruga e fentos.



DATOS



5 horas



20 quilómetros



Dificultade media-alta

Control de Miopía

Corrige su futura visión con gafas o lentillas

Revisate anualmente, el aprendizaje depende de la visión.



OPTICALIA

CALLAO

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA

Plaza Mayor, 8 - Tel. 982 252 580
Centro Comercial As Termas - Tel. 982 264 314

www.opticaliacallao.com